



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 123

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 6 de outubro de 2004

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (continuación) (doc. núm. 17646).

Retómase a sesión ás cinco da tarde.

Debate de política xeral: Informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Continuación.) (Punto único da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se retoma a sesión de onte coa intervención dos grupos parlamentarios. (Páx. 3.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez Touriño (S)* (Páx. 3.), *Sr. Beiras Torrado (BNG)* (Páx. 10.) e *Sr. Pita Varela (P)*. (Páx. 21.)

O señor presidente suspende a sesión por quince minutos. (Páx. 29.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Resposta do señor presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne*. (Páx. 29.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez Touriño (S)*. (Páx. 31.)

Contrarréplica do señor presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne*. (Páx. 34.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios (continuación): *Sr. Beiras Torrado (BNG)*. (Páx. 35.)

Contrarréplica do señor presidente da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne*. (Páx. 38.)

Rolda dos grupos parlamentarios (continuación): *Sr. Pita Varela (P)*. (Páx. 39.)

O señor presidente comunica o prazo de presentación das propostas de resolución, que será ata mañá, ás doce do mediodía. Así mesmo, informa de que a Mesa distribuirá aos grupos as propostas de resolución admitidas para o seu estudo antes de que se retome a sesión, que será ás catro e media da tarde, e suspende a sesión.

Suspéndese a sesión ás nove da noite.

Retómase a sesión ás cinco da tarde.

Preside o presidente do Parlamento acompañado de todos os membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado de todos os conselleiros e conselleiras.

Debate de política xeral: Informa do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Boas tardes.

Retomamos a sesión coa intervención dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señoras e señores deputados, celebramos este debate sobre o estado da Autonomía en circunstancias moi especiais, condicionados por cuestións alleas á normal dinámica política e parlamentaria. Por iso quero expresar, antes que calquera outra cousa, a miña solidariedade humana co presidente da Xunta, sentimento que comparte todo o Grupo Parlamentario Socialista. E quero dicirlle, señor Fraga, que nos alegamos sinceramente da súa recuperación e que lle desexo o mellor. Esta Cámara viviu onte un momento excepcional e dramático. Unha imaxe vale máis que mil palabras. Non debo nin quero ser cruel, e ademais non podería nin sabería selo. Pero faise evidente que Galicia vive unha situación insostible. E desde a responsabilidade que teño contraída con este país teño que dicir que a crueldade está na situación vivida onte neste Parlamento, que a crueldade está no partido que a provoca, que a crueldade está no desatino de querer ir máis alá dos límites do razoable. Estou seguro de que vostede, señor presidente, coincidirá en que ese episodio non debe condicionar máis do necesario o desenvolvemento deste debate, e o que é a miña obriga é facer balance da situación do país.

En debates anteriores, señor Fraga, mesmo no do ano pasado, sentínme obrigado a referirme ao estado de prostración, de inactividade e de permanente crise sucesoria na que

desde hai tres anos están instalados o Partido Popular e o Goberno do Partido Popular en Galicia. É inevitable que hoxe comece a miña intervención dicíndolle que os acontecementos aos que asistiu estes días a sociedade galega, pouco menos que estupefacta, están a facer bos, precisos e exactos os nosos diagnósticos. O pasado ano díxenlle –e cito textualmente–: “Preside vostede un goberno sen iniciativa e sen ideas, un goberno típico de fin de etapa, de cambio de ciclo, paralizado polas intrigas e as quinielas sucesorias”. Ben, esa situación irrespirable sobre a que xa advertíamos no anterior debate estoupou estes días poñendo en evidencia que o Partido Popular de Galicia, o Goberno da Xunta, é unha coalición de intereses en loita encarnizada polo poder. Pero, enténdame ben, non estou falando do poder entendido como un instrumento democrático para cambiar e mellorar as cousas, non estou falando do poder como instancia lexitima desde a cal levar a cabo un programa de reformas, non estou falando do poder como un xeito nobre de servir á sociedade; estou falando do rostro máis escuro e lamentable do exercicio do poder, dunha maneira de facer política que debería estar desterrada de Galicia hai moito tempo e que vostedes, sen embargo, queren facer eterna. Non hai detrás do triste espectáculo destes días nin ideas nin proxectos distintos, señorías, tan só bandas e *banderías*, grupiños e grupellos, en pugna polos anacos máis gorentosos deste papel reseso, bonito por fóra e podre por dentro, en que o Partido Popular está a converter a política en Galicia.

A liorta que estes días escenificaron vostedes, o señor Fraga e o señor Baltar, acompañados por un reparto de actores secundarios, tería un excelente dramaturgo no Valle-Inclán dos esperpentos. Nisto desembocou o Goberno do Partido Popular en Galicia: nun goberno paralizado e emparedado entre os intereses do señor Rajoy e as ambicións do señor Baltar, entre as intrigas duns e as trampas doutros; un goberno convertido nunha corte dos milagres que xa non ten ningún proxecto, ningún programa que levar a cabo, agás o da propia permanencia no poder ocorra o que ocorra, custe o que custe e pase o que pase.

Deixen, por favor, de utilizar palabras como “Galicia” e “galeguismo” para xustificar as súas pelexas e os seus personalismos mesquiños e para disfrazar as súas vergoñas. Deixe, señor Fraga, de apelar a Castelao e a Ramón Piñeiro para revestir con palabras nobres o que non é máis ca un pánico antidemocrático a perder o poder. O Partido Popular, na súa

ansia de manterse no poder a calquera custo, está levando a cabo un labor de desprestixio e de erosión das institucións autonómicas e do propio Goberno galego sen parangón na historia da nosa comunidade; é unha carga para unha sociedade, que non pode seguir vivindo en función dos seus problemas, das súas ambicións, dos seus repartos de postos e das cotas de poder. Semella coma se, xa próxima a perda de poder político en Galicia, se borraxe deste partido todo viso de sensatez; un partido que hoxe non é máis ca un alboroto, falto de seriedade e sen proxecto de futuro, un partido que foi incapaz de resolver sensata e cabalmente a sucesión do presidente Fraga, un partido que foi incapaz en quince anos de goberno de arbitrar os mecanismos necesarios para impulsar democraticamente o xurdimento de novos liderados no seu seo, e que agora utiliza o Goberno da Xunta e a súa presidencia para amañar *chanchullos* internos. Despois de quince anos á fronte do Goberno do país, o Partido Popular actúa hoxe coma un tapón que impide a renovación política de Galicia (*Aplausos*), converténdose nunha grave rémora para o conxunto do país. Un proxecto político esgotado, un goberno paralizado, un partido roto e un presidente sen autoridade, este é o panorama que ofrece hoxe a Galicia do Partido Popular, ese é o cadro, esa é a escena.

Señor Fraga, xa hai case dous anos a catástrofe do *Prestige* puxo de manifesto a inoperancia autista do seu Goberno. Daquela díxémoslle que o chapapote non só estaba no mar, senón tamén no seu partido e no seu Goberno, ambos afogados por loitas intestinas, asfixiados polo medo a perder o poder. E é unha irresponsabilidade pretender que ese chapapote político no que vostedes levan tanto tempo instalados contamine tamén a sociedade galega.

Galicia, señorías, necesita abrir portas e ventás, que entre a luz para ver e aire para respirar. É hora de pasar páxina, porque así non podemos seguir; é hora de clausurar con tranquilidade e con confianza, con seguridade e optimismo, unha etapa que non dá máis de si. E o Partido Popular é o responsable directo desta situación de decadencia, non é xa a forza política chamada e encabezar esta nova etapa, pois non está capacitada para facelo. Hoxe máis ca nunca o Partido Popular e o Goberno —o Goberno que vostede preside, señor Fraga— son o problema, non son a solución; son realmente o problema deste país.

Señorías, se tivese que sintetizar en media ducia de palabras a miña sensación particular diante do actual estado de

cousas —e creo que tamén a de moitos galegos e galegas, eu creo que a da maioría deste país—, diría simplemente o seguinte: non podemos seguir perdendo o tempo. Lamentablemente, á hora de trazar un balance do que foi a xestión do Goberno da Xunta durante esta lexislatura, só me vén á cabeza un único titular: balance dun tempo perdido, unha Galicia día a día debilitada, unha Galicia débil que perde pulso e peso en España; porque perdemos peso en poboación, porque perdemos peso en emprego, porque perdemos peso en economía. É unha Galicia que non converxe ao ritmo necesario coas rexións do noso contorno e que internamente se escinde cada vez máis nunha Galicia en dúas velocidades.

Galicia non vai ben, señor Fraga. Galicia leva moito tempo xogando en segunda división e o Goberno do Partido Popular en quince anos non foi capaz de subila a primeira. O seu modelo económico, sustentado na baixa produtividade, na precariedade laboral e nos salarios baixos non dá máis de si. É inasumible por esta sociedade que a duración media dos contratos temporais da nosa xente moza sexa de dez días, señor Fraga. As mozas e os mozos galegos son os que máis tardan de toda España en poder emanciparse e en desenvolver o seu proxecto vital polas graves dificultades para encontrar emprego e para acceder a unha vivenda digna a un prezo razoable. A nosa renda e as nosas pensións seguen estando entre as máis baixas de España e de Europa.

Outros índices de desenvolvemento económico e benestar social tampouco din nada bo do seu labor de goberno. Estamos moi por debaixo da media europea e da media española en camas por hospital. Estamos por debaixo en atención a dependentes e discapacitados, en estudantes universitarios e en asignación de recursos ás universidades, e en implantación e presenza das novas tecnoloxías, no que nos xogamos a sociedade do futuro.

O desequilibrio territorial agrándase ano a ano, a Galicia interior desertízase. Lugo e Ourense ocupan ano tras ano os postos máis baixos nos índices de riqueza e desenvolvemento do noso país. E se non o cren, pregúntennlle aos seus propios compañeiros que se sentan nestes estrados.

Certamente houbo nestes anos un innegable crecemento en infraestruturas e medrou a renda por habitante. Pero estes datos non son nada se non os poñemos en comparación

co que está a suceder no ámbito español e europeo. E se facemos ese exercicio, non nos queda máis remedio que constatar que Galicia crece menos que os demais, que Galicia crece por debaixo de España, crece por debaixo de Europa, a pesar de recibir durante os últimos anos nada máis nin nada menos que arredor de 7.000 millóns de euros, máis de 1 billón das antigas pesetas, procedentes dos fondos estruturais e de cohesión da Unión Europea. ¿Onde foron parar, señor Fraga? ¿Onde foron parar?

A pesar dos pesares, seguimos a ter moi serias dificultades de produtividade na agricultura, na pesca e en boa parte dos nosos sectores industriais. Esta é a realidade do país, por máis que vostedes intenten edulcorala coa propaganda, coa conversión do Parlamento nun elemento decorativo, co control férreo dos medios de comunicación públicos e co mantemento e extensión dunha rede clientelar que compra silencios e votos a cambio de favores.

Pero vostedes xa non enganan a ninguén, non pretendan disfrazar o seu debilitamento cívico e político baixo a pancarta contra o Goberno de Madrid. É un recurso demasiado fácil e demasiado demagógico, señor Fraga (*Murmurios.*), demasiado fácil e demasiado demagógico. A vostedes, que aplaudiron a rabiá presupostos que, en media, durante oito anos de goberno do Partido Popular investiron en Galicia 640 millóns de euros, agora non lles valen os que achegan 1.250, o dobre, señorías. (*Aplausos.*) Vostedes, todos, que louvaron sen rubor o “Goberno amigo” –¿acórdanse do “Goberno amigo”?–, que mantivo sempre a Galicia discriminada, ¡si, discriminada!, por debaixo da media española en investimento *per cápita*, agora meten bulla cando por primeira vez os superamos amplamente en once puntos.

Miren, señorías, eu nunca, nunca, renunciarei a defender e aspirar a máis e mellores presupostos para Galicia; igual que defendemos un plan integral para o naval da ría de Ferrol que ofrezca viabilidade e que salvagarde o emprego. Pero vostedes non teñen remedio, son o goberno da manipulación, da ocultación e do engano. Ese é o Goberno do Partido Popular.

Señorías, chegou a hora da renovación, chegou a hora do cambio, a este país. E os socialistas estamos preparados para coller o temón do barco e endereitalo. Os socialistas estamos decididos a gobernar –si, señorías– porque cremos

neste país, porque sabemos do seu potencial, porque estamos convencidos de que hai alternativa á decadencia deste Goberno. É necesario abrir un tempo novo, propoñemos a nova modernización de Galicia que nos proxecta cara a un futuro de progreso, de modernidade e de converxencia cos países e coas rexións máis avanzadas do noso contorno europeo. Un proxecto de futuro que xorde das confianza nas grandes posibilidades de Galicia, unha nova etapa na nosa historia, na que propoñemos pór en marcha todas as iniciativas necesarias para a nova modernización de Galicia; un tempo no que impulsaremos, desde o consenso e o diálogo, a reforma do Estatuto de autonomía para que siga a ser o mellor instrumento para o progreso e o benestar da sociedade galega.

Os socialistas propoñémoslle á cidadanía un programa global de renovación política, económica, social e cultural que supere a actual inercia e que lle dea un novo impulso ao país, un tempo novo que non pode ignorar a realidade da que partimos nin que queira ser a simple continuación da etapa que remata. Propoñolles aos cidadáns e ás cidadás de Galicia catro grandes eixes de traballo: o primeiro, un goberno próximo e eficaz que impulse a renovación da vida pública; o segundo, unha sociedade cohesionada e segura, un goberno para as novas políticas sociais, para as novas necesidades das persoas e das familias; o terceiro, un progreso económico baseado na educación, na innovación e no traballo; e o cuarto, un goberno que defenda as lexitimas aspiracións e os intereses das galegas e dos galegos en España e en Europa.

Todos eles atenden a problemas reais da cidadanía. O seu obxectivo non é outro que camiñar a prol dunha sociedade moderna, solidaria e mellor preparada para afrontar os retos do futuro deste país. Abrir unha nova etapa na autonomía galega esixe un estilo de goberno distinto e poñer en práctica outra forma de facer política. A renovación da vida pública será o obxectivo prioritario e o sinal de identidade dun tempo novo. Moitos cidadáns –sobre todo os máis novos– teñen a sensación de que a política non fala a súa linguaxe nin responde aos seus valores. Temos que recuperar a súa participación, a súa presenza, impulsar a igualdade na consecución dos dereitos cívicos, gobernar desde a plena transparencia en favor da confianza dos cidadáns nas institucións e nos seus representantes, gobernar desde a proximidade e desde a moderación que nos ensinan a escoitar e aprender, e que son aliadas da liberdade.

Mediante o diálogo propoño avanzar na transparencia da política. Propoño unha lei de transparencia que contemple, entre outros aspectos, a regulación dun código de conduta na vida pública e que permita que cada cidadán poida coñecer o que cobran, o que teñen e do que dispoñen os seus cargos públicos ao chegar, ao estar e ao saír dos seus postos, que calquera cidadán deste país o poida ler no DOG ou ler en internet desde a súa casa.

Cómpre garantir o pluralismo informativo nunha democracia avanzada, nunha democracia moderna, onde este dereito non está garantido, o dereito dos cidadáns a unha información veraz. Neste senso, propoño a creación dun consello do audiovisual de Galicia como autoridade independente na materia e a elección do director xeral da Compañía da Radiotelevisión de Galicia por maioría cualificada deste Parlamento. Debemos avanzar nas posibilidades de control social da acción do Goberno, regular a participación institucional, abrindo novas vías de intervención e de participación dos cidadáns nas decisións dos poderes públicos; en particular, propoñemos que os cidadáns poidan formular alegacións aos anteproxectos de lei do Goberno da Xunta de Galicia a través de internet.

Impulsaremos un plan director de organización para a calidade dos servizos, xunto á racionalización da Administración e á redución integral da “Administración paralela” e dos altos cargos, mediante a creación de seis axencias públicas que concentren as competencias e os servizos dos custosos e inefaces organismos actuais. E poñeremos en marcha unha Administración moderna, unha administración electrónica, co obxectivo de que o 75% dos procedementos administrativos se informaticen e que internet sexa unha canle normal de comunicación da cidadanía coa Administración.

Señorías, hai que revitalizar o Parlamento, recuperar o seu protagonismo e achegalo á sociedade. En particular, propoñemos e adquirimos o compromiso de establecer preguntas ao presidente en cada sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

Hai que reforzar os gobernos locais. Nunha Galicia democrática o pacto local debe vencellar o financiamento e os trasposos de competencias aos concellos co obxectivo de incentivar a cooperación intermunicipal e supramunicipal, e

a mancomunación de servizos, que permitan un novo mapa municipal en Galicia.

Unha sociedade cohesionada e segura, un goberno para a nova axenda social: a nova modernización de Galicia ten que significar unha oportunidade para as galegas e os galegos, para os seus dereitos sociais, o emprego, a vivenda, a saúde e a educación, e converter as necesidades en dereitos da cidadanía. O protagonismo das mulleres galegas é un elemento decisivo, fundamental, para a consecución dos obxectivos da nova modernización de Galicia. Propoño garantir unha presenza paritaria de homes e de mulleres na vida pública institucional da nosa comunidade. *(Aplausos.)*

É unha obriga democrática e é un compromiso social erradicar a lacra da violencia de xénero. Promoveremos unha Lei de prevención e apoio ás vítimas da violencia contra as mulleres. A presenza igualitaria –igualitaria, si– de mulleres na vida laboral é absolutamente necesaria. Debemos aspirar a plantexarnos como país un obxectivo ambicioso: que en dúas lexislaturas a taxa de actividade das mulleres galegas se equipare á media europea –hoxe estamos a máis de dez puntos– mediante políticas específicas de integración laboral. Impulsaremos, pois, unha lei de conciliación da vida familiar e laboral. O apoio ás familias debe ser o eixe central da política social, que faga compatible o traballo das mulleres e dos homes co coidado dos fillos. Debemos garantir unha praza pública de gardería a todas as familias traballadoras que o soliciten creando 30.000 prazas de oferta pública para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Propoño, ademais, ampliar e flexibilizar os horarios de atención a garderías nos centros de ensino, incrementando, ademais, o número de comedores.

Envellecer na casa, envellecer con axuda. É necesario desenvolver un plan de atención ás persoas dependentes garantindo que nos próximos catro anos a atención poida ser do cento por cento á totalidade das persoas que no noso país padecen unha dependencia grave; do 60% ás de dependencia moderada, aumentando en 20.000 o número de persoas que reciban axuda no domicilio e creando 15.000 novas prazas en residencias. Todos eses novos servizos comportarán a creación de 30.000 novos postos de traballo.

Tampouco podemos deixar de lado, como practicamente foron deixadas de lado ata agora –sendo a nosa comunidade

das que están no furgón de cola na preocupación polas persoas que teñen máis dificultades—, as persoas con dificultades psíquicas ou físicas. Cómpre elaborar un programa integral de atención ás persoas con discapacidade que contemple un programa de formación profesional específico, dirixido á inserción laboral destes colectivos, reservando o 5% das prazas de oferta pública para este fin.

Para garantir que o benestar acade a todos cunha renda digna propoño como obxectivo que as pensións en Galicia acaden o salario mínimo interprofesional. Debemos acompañar a suba de pensións do Goberno de España cun complemento autonómico para as pensións non contributivas e cun complemento de mínimos para as pensións de viuvez.

A vivenda, señorías, representa hoxe unha das principais preocupacións de moitos galegos. Sobre todo dos das rendas máis baixas e da inmensa maioría dos mozos e das mozas do noso país. Moitos galegos vense obrigados a destinar unha gran parte dos seus ingresos a este fin. Cómpre garantir, e así o propoño, que a metade dos novos fogares que se constitúan en Galicia poidan facelo nunha vivenda protexida; de forma que 50.000 mozos e mozas poidan acceder a unha vivenda propia ou de aluguer a un prezo razoable. Propoño, para isto, empregar o 100%, a totalidade, do solo público da Comunidade Autónoma para a construción de vivendas protexidas, e invitaremos os concellos a que se sumen e participen nesta iniciativa.

A súa dirección política, señor presidente, conduciu a sanidade a unha situación límite: listas de espera, masificación da atención primaria e peche no verán de miles de camas e de quirófanos. Propoño garantir por lei prazos máximos razoables nas listas de espera no Servizo Público de Saúde. Para mellorar a atención primaria hai que diminuír a masificación das consultas, implantando a telemedicina e xeneralizando o acceso aos datos do laboratorio vía intranet e a contratación de 50 profesionais sanitarios xa no próximo ano. E algo moi importante: propoño que todo cidadán galego, todo cidadán do meu país, teña un hospital ao menos a 30 minutos do seu fogar mediante o desenvolvemento dun sistema de transporte sanitario que inclúa un helicóptero medicalizado por provincia.

Existen tamén moitos galegos emigrantes que necesitan da solidariedade de Galicia, de España e da propia Unión

Europea. É urxente cambiar a política de favores e de caridade por dereitos en igualdade. Debemos garantirlles aos emigrantes que non están vinculados aos centros galegos a posibilidade para eles tamén de acceder aos recursos da Administración pública.

Potenciaremos a promoción da cultura galega no exterior coa creación do Instituto de Cooperación Cultural Rosalía de Castro. Os socialistas apostamos por unha política cultural aberta e innovadora, participativa e libre, capaz de mobilizar as enerxías dos creadores, capaz de crear un sólido tecido cultural e empresarial en todo o territorio galego. Propoñemos pór en marcha unha rede de servizos e equipamentos culturais que asegure o acceso da cidadanía aos bens e aos produtos culturais.

A nosa estratexia de desenvolvemento económico debe estar sustentada na educación, na innovación e no traballo, para permitir a creación de emprego de calidade nun ámbito económico e social estable. Plantexamos como obxectivo acadar a cifra de 1.200.000 ocupados nos próximos catro anos.

Chegou o momento de deixar atrás o carácter subvencionado e dependente da nosa economía para ir a unha economía produtiva, para ir a unha economía dinámica. Propoño a creación do Instituto Galego de Finanzas como instrumento de coordinación e apoio dunha nova estratexia económica, que controle, coordine e xestione con eficacia a actividade financeira da Xunta e que elabore unha nova política de axudas á renovación e á internacionalización dos sectores produtivos. É necesario, señorías, crear un espazo emprendedor para informar e asesorar os emprendedores desde a formación ata a posta en marcha do seu proxecto. Propoño a creación dun ticket emprendedor para financiar os proxectos viables e o conxunto das axudas para os gastos durante o período de maduración dos proxectos. Asemade, cómpre poñer en marcha módulos de promoción de iniciativas emprendedoras en todos os centros de formación nos seus distintos niveis.

As universidades deben liderar a sociedade do coñecemento, ser motores fundamentais do desenvolvemento de Galicia e saír da súa actual penuria. Propoño a posta en marcha dun sistema de financiamento universitario estable, suficiente, obxectivo e transparente, capaz de incentivar a

excelencia, a calidade e a competencia da actividade universitaria da nosa terra. É necesario darlles un impulso decisivo á investigación, ao desenvolvemento e á innovación, aumentando tanto os recursos económicos como o número de investigadores, o persoal de apoio e as infraestruturas ao servizo do I+D. Propoño duplicar o esforzo en investigación, desenvolvemento e innovación ata acadar o 1,5 do PIB, incentivando as empresas para que a súa participación sexa polo menos da metade dese esforzo.

Non é posible falar de ocupación, falar de futuro, sen falar da educación. A nova modernización da escola supón facer unha aposta pola calidade do ensino en Galicia; calidade de formación e calidade dos servizos, cun profesorado preparado, motivado e recoñecido. Aposto por unha lei de calidade no servizo público de educación que garanta a eliminación do fracaso escolar, mediante un plan de choque que reduza a súa incidencia ao menos ao 10% en toda a etapa obrigatoria, e a xeneralización da gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio. Queremos que as novas tecnoloxías formen parte ordinaria da aula, acadar un ordenador por cada dous alumnos é un obxectivo irrenunciable do proceso modernizador. Os nenos que rematen o ensino obrigatorio nesta nova escola que propoño poderán comunicarse fluidamente en inglés.

Debemos poñer fin tamén á inxustificable, á escandalosa, precariedade do emprego. Cómpre impulsar a inspección laboral para evitar a sucesión fraudulenta de contratos e reducir á metade a precariedade laboral na Administración pública en catro anos evitando a contratación temporal. Non podemos permitirmos, señorías, que un de cada catro mozos demandantes de emprego non atopen traballo no noso país.

É necesario establecer un sistema integrado entre os sub-sistemas de formación profesional regrada, ocupacional e de formación continua, coordinadas baixo unha mesma dirección. As especialidades e a súa localización deberán estar ligadas ás demandas de emprego, ás demandas dos emprendedores.

Para garantir un servizo público de emprego transparente e eficaz, remodelaremos os servizos de colocación centralizando todos nun único Servizo Galego de Emprego, con itinerarios personalizados para os desempregados que leven máis de seis meses na procura de emprego.

Outro dos retos da nova modernización de Galicia é converter o territorio do noso país nun factor protagonista da competitividade e da igualdade. Propoñemos por iso, señorías, un gran pacto nacional polo territorio que permita planificar e ordenar os seus usos e os investimentos básicos en infraestruturas. No horizonte de 2010 deben estar finalizadas todas as comunicacións estratéxicas do noso país. Propoño un esforzo investidor que dea anticipación para garantir que o 100% da poboación de Galicia estea a menos de 30 minutos dunha vía de alta capacidade.

O valor do territorio como patrimonio dun país depende de que o seu uso sexa respectuoso co medio ambiente. En política ambiental temos que afrontar dous grandes retos:

Propoñemos que as rías galegas sexan declaradas reservas da biosfera para impulsar a pesca e o desenvolvemento sostible das rías da nosa comunidade. É o valor máis prezado e estratéxico que ten o noso país desde o punto de vista dos recursos naturais e medioambientais. Isto comportará un plan de rexeneración, de preservación e de saneamento integral das rías enmarcado nun plan de usos do litoral. En segundo lugar, conseguir o vertido cero de augas residuais nas cidades do litoral e nos núcleos de poboación intermedios.

Son necesarios unha lei de bases do medio rural e un plan estratéxico de desenvolvemento do medio rural que aposte pola viabilidade da agricultura familiar, pola transformación dos produtos, pola seguridade alimentaria e que defina unha nova estratexia de loita contra os incendios forestais, contra a desertización, a deterioración e o abandono do medio rural, a onde vostedes o conduciron coa súa política.

Por último, o cuarto eixe que lles propoño á cidadanía e a esta Cámara é un goberno que defenda as lexítimas aspiracións e intereses das galegas e dos galegos en España e en Europa. Este proxecto de renovación, esta nova modernización de Galicia, está intimamente vencellada ao autogoberno, ao seu impulso e á súa profundación; e as reformas estatutarias e constitucionais que propoñemos os socialistas camiñan nesa dirección. Galicia ten que dispoñer dos instrumentos institucionais, da vontade colectiva e do proxecto político que lle permitan acadar un maior peso político no conxunto do Estado e na Unión Europea. Non se trata de reformar por reformar senón de adecuar o Estatuto e a Cons-

titución ao propio espírito e á propia evolución do Estado das autonomía. Tan só se reforma aquilo que se quere preservar. Perfeccionar o Estatuto é incidir fundamentalmente nun instrumento para mellorar a cohesión social e territorial da nosa comunidade, é ofrecer, en definitiva, máis e mellores oportunidades para o conxunto dos cidadáns galegos. A reforma do Estatuto constituirá, asemade, unha importante contribución desde Galicia á necesaria modernización do Estado das autonomía.

En debates anteriores, desde hai xa tres anos, teño explicado nesta Cámara as condicións para a reforma do Estatuto desde a posición do grupo que represento: por un lado, o respecto escrupuloso á Constitución, propoñemos unha reforma para avanzar na cohesión da España plural que está no título VIII da Constitución; por outro, temos dito que calquera reforma deberá facerse sobre a base dun amplo consenso. Noutras comunidades xa se constituíron ponencias parlamentarias de ampla representación. Quizais a debilidade política do seu Goberno, señor Fraga, explique que en Galicia aínda non se dese este paso, mais non debemos quedarnos atrás e ir a remolque do que outros fagan.

O futuro Estatuto de autonomía ten que ser o marco xurídico e político aceitado para plasmar o modelo de convivencia —que desexamos— entre Galicia como nación e as demais comunidades que integran a España plural e diversa. A reforma do Estatuto deberá recoller en primeiro lugar un catálogo de dereitos dos cidadáns, das galegas e dos galegos; dereitos que terán que ver coa calidade da educación e do acceso á cultura, coa calidade dos servizos sanitarios, co medio ambiente e coa calidade de vida, co apoio aos sectores sociais máis desfavorecidos, coa igualdade de homes e mulleres e co dereito destas a beneficiarse de medidas políticas de acción positivas e paritarias.

Propoñemos, na reforma estatutaria, mellorar a calidade do autogoberno. Así, xunto cun máis amplo e substancialmente novo catálogo de competencias exclusivas —como portos, aeroportos, seguridade marítima ou policía autonómica—, os socialistas galegos defendemos a blindaxe e a protección xurídica desas competencias fronte a posibles inxerencias da normativa do Estado nesas materias.

As competencias exclusivas, señorías, soamente deben ser reguladas polas institucións do autogoberno, e, así

mesmo, debe corresponder a Galicia, como principio xeral, as da capacidade de desenvolver as leis do Estado, agás cando exista reserva constitucional expresa a favor da Administración central.

A reforma do Estatuto debe garantir tamén a plena capacidade da Xunta de Galicia para desenvolver actuacións de relevo internacional no exercicio das súas competencias. O recoñecemento da capacidade da Xunta de Galicia para abrir oficinas ou delegacións autónomas ou vencelladas a institucións estatais no estranxeiro, para enviar delegacións ou subdelegacións perante os organismos internacionais, e mesmo para firmar preacordos internacionais que logo deberán ser autorizados polo Estado mediante os mecanismos constitucionalmente previstos, cremos que debe quedar consagrado no texto reformado.

No ámbito do goberno compartido, a reforma do Estatuto ha de sentar un modelo polo que Galicia exercerá o dereito a participar na conformación da vontade política do Estado, a través do Senado reformado como Cámara territorial, tanto para os efectos das políticas públicas estatais internas como respecto da fixación da posición de España nos órganos da Unión Europea. Entre outros, debe recoñecerse o dereito de Galicia á participación na redacción e conclusión dos tratados que afecten ás súas competencias exclusivas, participar na representación española, ou asumila por delegación, diante dos organismos da Unión Europea e poder intervir nas actuacións do Estado perante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

É necesario tamén abordar a reforma do financiamento autonómico. O sistema de financiamento non pode estar pechado, non pode ser inmutable; debe ser estable, debe ser aberto, actualizable e revisable periodicamente. E garantirá o dereito constitucional e o principio de igualdade de todos os cidadáns españois no acceso á prestación dos servizos públicos esenciais.

Propoñemos a creación dun espazo fiscal propio da Comunidade Autónoma que garanta, que faga efectivo, o principio de autonomía financeira e de corresponsabilidade nos asuntos financeiros.

Propoñemos tamén a posta en marcha da Axencia Tributaria da Comunidade Autónoma baixo o principio de coordi-

nación coa Axencia Tributaria Estatal, para garantir, precisamente, a xestión dese espazo fiscal na nosa comunidade.

Como ben sabe vostede, señor Fraga, os movementos que optan por unha globalización alternativa fixeron seu ese lema fermoso que di: “Outro mundo é posible”. Eu non lle vou dicir que outra Galicia é posible; eu quero dicirlle a vostede, a esta Cámara e a todos os cidadáns galegos que outra Galicia é necesaria e que esa necesidade se fai cada día máis urxente.

O Goberno do Partido Popular é un goberno doutro tempo, un goberno incapacitado, que non ofrece ningunha garantía para darlle futuro a este país. Poderán esgotar a lexislatura, están vostedes no seu dereito de facelo, pero será outro ano perdido, outro intento inútil de prolongar unha etapa que xa chegou ao seu fin.

A renovación é necesaria e urxente. Creo que tamén é inevitable, señorías. Hai unha Galicia nova e emerxente, emprendedora e moderna, traballadora e innovadora fronte á cal vostedes actúan literalmente como un tapón; unha Galicia á que vostedes non lle poden dar resposta. A Galicia da renovación, a Galicia do cambio, a Galicia que non quere perder o tempo asistindo a espectáculos de política feudal, esa Galicia medra día a día, está hoxe nas cidades e no campo, nas universidades e nos hospitais, nas fábricas e nas oficinas, nos institutos e nas asociacións cívicas, nas empresas e nos centros de decisión deste país. É unha Galicia que ama a súa terra e que quere afondar no seu autogoberno, pero que quere facelo sen demagoxias, sen trapalladas, con seriedade e con diálogo.

Esa Galicia, que xa non quere máis do mesmo, xa non está disposta a renovarlles a súa confianza nin a mirar para outro lado, esa Galicia necesita abrir portas e ventás, aire; aire para respirar. É a esa Galicia á que nos diriximos os socialistas co noso proxecto de renovación e de modernización, desde un galeguismo que non ten nada que ver coa súa retórica populista, desde un galeguismo cívico e solidario, defensor da nosa identidade colectiva e concibido como un programa global de reformas ao servizo do progreso e do benestar da cidadanía, da xente, das galegas e dos galegos.

Remato xa, señor presidente, e vouno facer reafirmando a miña confianza neste país; un país que, a pesar dos pesa-

res, a pesar do vivido nestes tres últimos anos, segue a ter esperanza e segue a ter futuro; un país que, aínda que mal gobernado, é capaz de saír adiante, de funcionar e mesmo de presentar importantísimos elementos de dinamismo económico, de dinamismo social e de dinamismo cultural. Este país merece e necesita un cambio. Este país necesita e merece a alternativa de renovación que hoxe representa o Partido dos Socialistas de Galicia.

Nunca máis, nunca máis, e nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pérez Touriño.

Rolda de intervención do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado, portavoz do grupo.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, a situación política de Galiza que nos cómpre analizar, avaliar e diagnosticar neste debate de política xeral encádrase nun contexto caracterizado, a nivel internacional, polo fenómeno denominado “globalización” ou “mundialización” e, no ámbito do Estado español, pola herdanza ou a “resaca” do “aznarismo”. Eses dous fenómenos están interrelacionados, e mesmo causalmente interconectados, pois o aznarismo —ou “a aznaridade”, en rótulo do meu chorado amigo Manolo Vázquez Montalbán— sería en boa medida inexplicable sen o correlato da globalización. E, desde logo, de non darse coetaneamente o proceso da globalización no mundo, o aznarismo, se cadra, podería ter existido, mais non tería podido instalarse no poder do Estado —e menos tería podido converter o Estado español nun “aznarato”, en aguda expresión esta vez de José Luis Sampedro—.

Quero dicir que o aznarismo, como fenómeno político, non só psicopatolóxico, constitúe a proxección no Estado español da globalización ultraliberal e da tradución en código da dereita carpetovetónica da *falcona* imperial ianqui de Bush. E salvando a distancia sideral en canto a magnitude e dimensións comparativas entre a globalización e a súa versión local celtibérica, tanto a ignara interpretación maniquea e belicista de Bush como a igualmente ignara, chovinista e xenófoba de Aznar teñen en común a súa índole antihistóri-

ca, constitúen un caso insólito de arcaísmo contemporáneo, de incommensurábel salto atrás na historia, de paranoide teimosía en tentaren navegar contra a corrente e o vento da historia con catastróficas consecuencias que estamos a pagar, respectivamente, o conxunto da humanidade e os cidadáns e os pobos do Estado español.

E non esaxero nada. Nos arrabaldos universitarios de Washington, Aznar acaba de remontarse á chegada dos árabes a Andalucía no século VIII para explicar a ferocidade e maldade intrínseca do islamismo actual. Algunha alma caritativa debía darlle noticia a Aznar do espléndido libríño de Amin Maalouf, *As cruzadas vistas polos árabes*, ou do *Tratado de teoría do goberno* do gran visir Nizam al-Mulk, precursor de Maquiavelo en case catrocentos anos, ou das orixes da secta dos “assasayún” ou [...], raíz etimolóxica da verba “asasino”. Mais é moito pedir, ben sei da contumacia iletrada de Aznar. Conseguirá figurar no *Guinness* superando en puntuación a estrafularia tese do choque de civilizacións de Lewis e Huntington; tese que –advirto– non se refire para nada ao choque da civilización da boina coa do *birrete*, non vaian pensar, pese a que o aznarismo, que xa perdeu o poder en España, sobrevive en Galiza en versión “folk”: chámase fraguismo, claro, e caracterízase, seica, polo “bipartidismo harmónico”, que disque resolve a diglosia ideolóxica e política interna do PPG, como estamos a ver estes días.

A deriva reaccionaria da globalización ultraliberal enxendra unha grave fractura na sociedade actual, e, por tanto, unha rotunda crise nos valores e nas relacións sociais, económicas e políticas, que atinxe de cheo ás pautas democráticas da vida colectiva, tanto no plano cívico coma no institucional. Ese impacto deturpador e destrutivo é tanto máis forte e maligno canto menos cohesión ten a sociedade, canto menos sólida é e menos afincada está nunha sociedade a cultura democrática, as formas e os hábitos de conduta democrática na vida cívica e política, a vixencia efectiva de valores e postulados como a liberdade, a igualdade ou a reciprocidade; ou sexa, os principios republicanos dunha nación de cidadáns.

Non é o mesmo ese impacto social do andazo ultraliberal en Suecia que en España nin en Cataluña que en Galiza. Por iso aquí, en Galiza, ese andazo recrudece o esperpento e resucita o retrato do colonizado no espello sempre defor-

mante da política. Mais o andazo en si mesmo non é peculiar noso, non é un produto enxebre galego, non ten denominación de orixe celta, senón, en todo caso, ianqui. É un fenómeno xenérico das sociedades actuais, un andazo universal, global, que logo se manifesta con máis ou menos virulencia e con feitos diversos nos diferentes países e sociedades. Ten uns trazos característicos que se poden definir e que cómpre examinar para podermos comprender o que acontece, para facermos o diagnóstico da situación política de Galiza, do estado da nación galega, da súa autonomía e da súa posición no Estado, e mais para botarmos as contas de resultados e do balance da actuación da Xunta, do Parlamento e do partido que domina e controla tanto a Xunta como o Parlamento de Galiza. Vexámoslo un algo.

Nos tempos que corren está a facer crise o modelo de Estado chamado liberal, que nacera en Europa hai dous séculos, e mais tamén a relación entre ese aparello de Estado, ou sexa as institucións políticas, e a sociedade como tal, ou sexa a chamada “sociedade civil”. Os síntomas desa crise son percibidos pola conciencia popular e, mesmo cando non acerta a diagnosticar as causas, a opinión cidadá o expresa con palabras e mais tamén con condutas. Expresións como “Todos os políticos son iguais” ou “Todos critican mentres están na oposición, mais cando chegan ao poder fan o mesmo ca os outros”, poñen de manifesto unha grave perda de credibilidade da política e dos políticos perante os cidadáns. Mais, unha de dúas: ou ben esa percepción que teñen os cidadáns está trabucada, porque a realidade da política non é así como eles a ven –e daquela falla unha relación diáfana entre o aparello de poder e os cidadáns, necesaria para que os cidadáns vexan o que realmente fai cadaquén nos gobernos e na Administración– ou ben a visión dos cidadáns é certa, e, daquela, o que falla é o aparello de Estado mesmo e o sistema democrático que o sustenta. Porque non é posíbel que todos os homes e as mulleres de diferentes ideoloxías e partidos sexan iguais e fagan o mesmo cando chegan ao poder sen que o fallo estea no sistema mesmo, máxime cando, disque, os cidadáns poden votar libremente e escoller os representantes que lles pete para estar no goberno ou na oposición.

Mais os cidadáns tamén manifestan a crise do Estado con condutas: desde os que montan as ONG para tentaren resolver os problemas que o poder non resolveu, ou os que organizan mobilizacións masivas para conquistar directamente o

que os seus representantes non logran, mentres o poder segue na mesma, impertérrito –como no *Prestige* ou na guerra do Iraq–, até os que pasan de votar ou votan co criterio de que dá o mesmo o que voten, e, ao cabo, escollen a papeleta como quen merca o iogur que acaba de ver anunciado na tele sen averiguar se é bo ou ruín, ou meten na urna o que lles manda o cacique.

A verdade é que, na globalización ultraliberal que padecemos, o Estado está en crise e falla nos catro eixos cardinais da súa relación coa sociedade, a saber: coa base económica, coa estrutura social, coa cidadanía e coa nación mesma que configura teoricamente o modelo do Estado-nación ou Estado nacional.

Primeiro, coa base económica da sociedade. O Estado ultraliberal disque non debe intervir na regulación da economía, porque para regular a economía xa está o mercado, que funciona optimamente para o benestar económico de todos. Hoxe a liberdade fundamental non é a das persoas, senón a do mercado, que é a nova divindade omnisciente e benefactora. Outrora, cando as xentes do pobo lograban ter traballo e vivir a xeito, dicían que traballaban e vivían ben “grazas a Deus”. Hoxe teñen que dicir “grazas ao mercado”: ao mercado laboral, ao Mercado Común Europeo, ao mercado do automóbil, ao mercado de abastos, ao de valores, ao do leite, ao das lonxas do peixe, da madeira queimada nos montes e, sobre todo, ao das ofertas do hipermercado consabido. ¿Para que vai intervir o Estado se o esmendrella todo? ¿Para que vai intervir no salvamento dos estaleiros de Izar se o mercado xa o fai, prohibíndolles construír buques, precisamente en nome da liberdade de mercado no sector naval? ¿Para que intervir en defensa da acuicultura e da piscicultura mariña, se xa o fan as transnacionais que controlan a produción e o mercado do rodaballo ou os mercados centrais da comercialización do mexillón ou doutros produtos na Unión Europea? ¿Para que intervir en defensa do sector leiteiro se xa o fai o mercado das cotas e de excedentes de cotas? ¿Ou para que promover desde a Xunta un grupo lácteo galego se o mercado de capitais xa se ocupa de crealo entregando a nosa agroindustria láctea a filantrópicos grupos forasteiros que a devoran para capitalizala debidamente? E poderíamos seguir horas coa relación de exemplos da benfeitora inhibición abstencionista do poder da Xunta e dos gobernos de Madrid a respecto de calquera intromisión na nosa economía que lle impidise gozar da marabillosa sabedoría do mercado para

desenvolver esplendorosamente o potencial da nosa base económica en dous decenios de autonomía que reparen nisto: duplicaron a poboación activa na Galiza mariñeira, triplicaron a forza de traballo obreira, acabaron co paro xuvenil e mais coas prexubilacións aos corenta e cinco anos, aseguraron os cambios xeracionais na poboación labrega, multiplicaron os empregos de asalariados e autónomos no comercio e erradicaron a emigración. Xa hai ben tempo que ningún mozo nin moza ten que emigrar a Canarias, Baleares, Barcelona nin Andorra. E fican ben lonxe, nas néboas dun pasado remoto, as reconversións naval, siderúrxica, industrial, pesqueira, conserveira, gandeira –iso si, con intervención do Estado daquela, pese a quen fose quen gobernaba–. O noso PIB industrial, agrario e pesqueiro medrou en aceleración constante, e o ingreso por habitante xa está en Galiza ben por riba da media europea, pese ao constante crecemento demográfico que nos sitúa a piques de acadar os catro millóns de habitantes, case como Dinamarca. (*Aplausos.*) E todo grazas ao mercado e á pulcrísima abstención da Xunta e do Estado de entremeterse na regulación da nosa economía –¡madia leva!–.

Segundo, coa estrutura social do noso país. Por suposto, todo estado ten un contido de clase na configuración do poder que detenta e exerce, e a historia política da humanidade faino evidente. Na estrutura social de calquera país hai un segmento, unha clase, que domina, que ten unha posición sobranceira, e iso refléctese e transmítese á configuración do poder político e mesmo ao propio deseño do Estado. Obviamente, non é o mesmo o contido de clase que imprime carácter hoxe ao Estado cubano que o dos Estados Unidos, nin o destes que o da actual Unión Sudafricana. Non é o mesmo o contido de clase que sobrancea no deseño da actual Constitución venezolana que o dos tempos do ditador Pérez Jiménez ou mesmo do presidente Carlos Andrés Pérez, e por iso mesmo a actual oligarquía social venezolana practica reiteradamente o golpismo contra o réxime da República Bolivariana. Até tal punto é así, que por iso os partidos políticos, cando menos nas orixes, levaban denominacións que facían explícita a clase social que querían levar ao poder no Estado: o PSOE era Obreiro –inda que xa non o sexa- e a CEDA de Gil Robles significaba Confederación Española de Dereitas Autónomas, nada de centro, inda que o PP de Fraga, Aznar e Rajoy se disface de “popular” e de centro, e, para iso, Arenas faga os discursos que fai, dándolle un contido de *dislate* semántico, porque o popular non está no centro senón na

base da pirámide social, ou sexa, no conxunto diverso das clases traballadoras.

Ora ben, as democracias maduras chegaron a unha fórmula de estado que substituíu a confrontación pura e dura das clases sociais na loita polo poder no Estado –proletariado fronte á burguesía, etc.– por un modelo de *balance of powers*. Ese modelo, nacido en Europa a raíz da II Guerra Mundial, é o do Estado do benestar. A clase dominante nese modelo de Estado seguía a ser a que manexaba o capital, mais ese poder social aceptaba que o Estado arbitrara un equilibrio mediante un “poder compensador”, que diría Galbraith, a favor das clases traballadoras e das camadas populares no seu conxunto. Ese Estado respectaría o poder sobranceiro do capital, mais faría políticas de benestar social a prol da maioría social non opulenta. As alavancas ou chaves mestras desas políticas eran estas: o pleno emprego, a concertación social entre traballadores e empresas, un sistema fiscal redistributivo, e, por tanto, baseado en impostos directos progresivos sobre a renda, e un modelo de gasto público que permitise financiar un sistema de seguridade social para todos os cidadáns, cubrindo o desemprego, as xubilacións e o goce de bens e servizos públicos e sociais gratuítos e universalizados –nomeadamente ensino, sanidade, cultura e asistencia social–.

Mais ese modelo foi varrido pola globalización ultraliberal e o retorno ao capitalismo salvaxe inaugurado por Reagan en USA e a Thatcher na Gran Bretaña. E comenzou a desmontaxe do *welfare State*, do Estado do benestar, peza a peza. A Constitución española deseñara un modelo político parlamentario –non presidencialista– e pluralista –non bipartidista– precisamente para encaixar un sistema de “balanza de poderes” sociais diversos indispensable para un Estado do benestar. A Constitución postula e preceptúa a economía social de mercado no artigo 38, o pleno emprego, no artigo 40, a concertación social, no artigo 37, o sistema fiscal progresivo e redistributivo, no 31, a iniciativa pública na actividade económica, ou sexa, o sector público, no 128, a planificación económica xeral, no 131, a subordinación da riqueza privada ao interese social xeral, no 128, a seguridade social universal, no 41, a sanidade pública, no 43, e así seguido. Incluso esixe, no artigo 130, atención particular ao desenvolvemento da agricultura, gandaría, pesca e artesanía e di “para equiparar o nivel de vida de todos os cidadáns”, ou sexa, para o equilibrio social. Eu pregunto: ¿está a apli-

carse algún destes preceptos constitucionais? Pregúntolles aos cidadáns galegos, mariñeiros, labregos, gandeiros, artesáns, xentes dos oficios, traballadores asalariados, autónomos, empresariado miúdo, familias con nenos para escolarizar, usuarios do Sergas; pregúntolles eu aos cidadáns galegos todos: ¿están a aplicar os gobernos do Estado e da Xunta de Galiza algúns dos preceptos da Constitución española que mencionei? Evidentemente non, e desde hai quince anos polo menos. Porque a política ultraliberal asaltou os poderes da Autonomía galega desde a chegada de Fraga e a unificación do PP, e dinamitou os piares constitucionais do Estado do benestar durante os oito anos cruciais da “peste marrón aznarista” –“peste brune”, como a chamaría Daniel Guérin, se escribise hoxe o libro que leva ese título referido ao uniforme das S.A., “Seccións de Asalto” das bases plebeas e populistas do partido nazi alemán dos anos trinta–.

Terceiro eixo da crise política: a relación do Estado coa cidadanía, ou sexa, a situación na que se atopa hoxe o exercicio do status de cidadán, propio dun sistema democrático e contraposto á condición de súbdito, propia dos sistemas non democráticos –sexan autocráticos, ditatoriais ou totalitarios–. Os cidadáns só son cidadáns de xeito efectivo se detentan a soberanía política e protagonizan o exercicio democrático desta por dous vieiros principais: a participación e a representación. O primordial deses dous vieiros é a participación, que mesmo pode non precisar do recurso á representación nos casos de democracia directa. Sinalo isto porque a recíproca non é posíbel: o exercicio da representación sen participación, ou sexa, cando a cidadanía se limita a elixir representantes e deixa de practicar as formas de democracia participativa, a vida democrática adoita murcharse como as flores das froiteiras coa xeadas, e acaba por converterse nunha simple aparencia formal e ritual. Comeza así un proceso de divorcio entre a cidadanía e o aparello do poder do Estado que atinxe tamén aos partidos, porque todos somos pezas dese aparello de Estado, inda que non esteamos no Goberno. Ese divorcio pode resultar ostensíbel e traumático en situacións políticas como a desencadeada en Galiza pola catástrofe do *Prestige*, e, daquela, os cidadáns recorren á democracia participativa directa contra, e non só á marxe, do poder dos seus representantes no aparello de Estado: mobilízase a cidadanía directamente, e, no tecido asociativo da sociedade civil, aborda os problemas pola súa propia conta –como a Galiza mariñeira fronte ao chapapote– e bérallles aos seus representantes que están de sobra, rescín-

delles de facto o mandato que lles dera e esixelles aos gobernos a dimisión. No límite, desátase un proceso revolucionario que derruba non só un goberno senón un réxime político ou mesmo un modelo de Estado obsoleto.

A globalización ultraliberal está a suscitar e a agravar o divorcio entre o poder do Estado e a cidadanía, porque desposúe os cidadáns do exercicio efectivo dos seus dereitos e liberdades, transforma a democracia representativa nun mercado electoral –¡sempre o mercado!– e converte as eleccións nunha liturxia publicitaria na que os electores aturan un bombardeo de toda caste de información superflua, estilo crónica de sucesos e prensa do corazón, agás sobre o que máis debera importarlles: o contido dos programas políticos dos partidos que compiten polo poder. Como resultado, boa parte do electorado vota ás cegas ou alienado, e pouco despois comeza a laiarse de cómo mallan nel os gobernantes que acaba de elixir –pero resignase e atura os paos: “A ver nas próximas”–. E non falo só de aquí: en USA ocorre e vai volver ocorrer en breve: un presidente xenocida, elixido cun pucheirazo, pode gañar outra volta, “democraticamente”, iso si, porque os non demócratas americanos xa sabemos que son Castro e Chávez, claro.

Isto é así en termos xerais no paraíso ultraliberal. Mais hai un fenómeno singularmente perverso que cómpre sinalar. Ao desentenderse o poder político de intervir na regulación da economía e mais ao desmontar os resortes redistributivos do benestar social, as desigualdades na estrutura social dispáranse e proliferan as situacións de paro, pobreza, marxinalidade, inseguridade, drogadicción e delincuencia: é unha cadea infernal. Mais a única reacción ultraliberal fronte a eses andazos consiste na segregación, a criminalización e a represión. Ou sexa: as novas formas de *apartheid*. Canto máis o Estado ultraliberal “adelgaza” nas funcións económicas e sociais, máis “engorda” nas funcións represoras. Expresouno moi graficamente o profesor Wacquant: a globalización ultraliberal desmonta o “Estado social” e edifica o “Estado penal”, substitúe o “Estado providencia” polo “Estado penitencia”. E a represión exércese por dúas vías principais:

Unha é a represión sobre o pensamento e as ideas; ou sexa, a censura da opinión e da crítica –o famoso “pensamento único” que suplanta as ideas polos dogmas–. Exércese primordialmente sobre os medios de comunicación, ou a

través deles, debidamente controlados ou domesticados, mediante a chantaxe económica, con fondos públicos, cando non son os propios poderes económicos propietarios dos medios os que fan o labor pola súa conta.

A outra vía é a represión sobre a liberdade física, ou sexa, o cárcere, para as vítimas da fractura social que padecen a pobreza e a marxinalización, sexa porque se rebelan e alteran a orde, sexa porque sucumben nos circuitos da droga, a delincuencia e a “violencia urbana” –significativa denominación, por certo–. Por algo a poboación carceraria nos Estados Unidos supera proporcionalmente en varios múltiplos a dos países europeos, e a proporción de negros e brancos nos cárceres é exactamente a inversa desa proporción na poboación. Pero tamén en Europa a cifra de presos e procesados medra constantemente desde a creba do Estado do benestar.

¿E que ten que ver isto coa situación da política galega? Para os cidadáns que me escoiten, sería unha ofensa á súa intelixencia espicárllelo: sábeno moitos deles por experiencia directa. E non é preciso repetir hoxe o que levo denunciado nesta tribuna desde hai anos, incluída a denominación –que non o alcume– con que adoitaba eu referirme ao conxunto de comunicación: “pequeno Goebbels”, ¿lémbrense?

Coa chegada do fraguismo, hai quince anos, a represión sobre as ideas, a censura con formas sofisticadas ou burdas, encubertas ou descaradas, a censura, digo, volveu campar aquí polos seus respectos: a censura sobre a libre expresión e mais a mentira oficial como arma de propaganda; dous medios combinados para conquistar a impunidad coa que vostedes levan utilizado o poder durante estes tres lustros. Lémbrense: cando a catástrofe do *Prestige*, a causa primordial da indignación popular foi que vostedes lles mentisen, que a Xunta mentise, que o poder lles mentise –porque naquel *trance* os feitos puxeron ao descuberto que vostedes e o poder mentían–. O mesmo pasou no Estado o pasado 14 de marzo: Aznar e Rajoy perderon as eleccións porque os cidadáns os cacharon nunha mentira atroz –atroz porque atinxía a unha traxedia de varios centos de vítimas humanas; “Os mortos de Aznar”, como os chamei eu ao día seguinte desa traxedia nun artigo que a prensa escrita galega non ousou publicarme, porque estabamos na véspera da votación e era o “día da reflexión”, non o día de arriscarse a dicir a verdade. Por certo, a censura e a represión practícanas vostedes, para empezar, no seu propio partido. Nunca esqueceréi

o acontecido neste salón de plenos nos días dos mortíferos bombardeos sobre Bagdad. Mentres as imaxes de mulleres e nenos escachizados ou mutilados circulaban polas televisións e a prensa, vostedes negábanse a suspender nin un instante a sesión para gardarmos un minuto de silencio por esas vítimas inocentes da barbarie “occidental”. Vostedes, católicos practicantes, mesmo algúns membros dun peculiar instituto relixioso que se propón realizar a obra de Deus, someteron a súa conciencia á censura desalmada de Aznar e Rajoy. ¿E coidan que esa aberración se resolve confesándose? Mais dixen que non ía repetir hoxe o que xa levo dito: que a represión das ideas, a censura da opinión cidadá e o amordazamento da liberdade de expresión constitúen o xermolo e a cerna do totalitarismo.

Mais comprendo ben que isto non pode asumilo quen serviu docilmente a un réxime totalitario até que morreu de vello, e entubado, o tirano xenocida. De xeito que só vou dar dous apuntes puntuais anecdóticos. ¿Lémbranse de cando eu participaba no programa de *Onda Cero* de “La Radio de Julia” –Julia Otero–, galega de Lemos afincada en Barcelona? ¿Lémbranse de que pasado un tempo me excluiron do programa e eu dixera que fora por presións da Xunta, que chantaxeaba á empresa coa concesión de licenzas de frecuencia modulada en Galiza? Daquela, o presidente Fraga, no seu máis proverbial estilo cortés, desmentírame afirmando que “ao señor Beiras botárono do programa porque aburría as ovellas”. (*Risos.*) Pois este verán pasado a propia Julia Otero, nunha ampla entrevista en *El País*, acaba de relatar como fora aquela peripecia, e corrobora que a dirección de *Onda Cero* lle esixira que me excluísse do programa, non por aburrir a ningunha ovella –que as ovellas aínda non escoitan a radio e os cidadáns ouvintes aínda non son ovellas– (*Aplausos.*), senón polas ameazas da Xunta de non darlles licenza para emisoras en Galiza. É unha mostra.

O outro apunte non é “personalista”. Pregúntolles: ¿cantos artistas, músicos, actores e actrices, xornalistas, escritores, mesmo editores de libros en galego, foron represaliados por vostedes dalgunha maneira por participaren nas mobilizacións de “Nunca Máis” e “Burla Negra”? Contéstolles eu mesmo: ducias e ducias deles. Mesmo chegaron á falcatruda institucional de sabotear financeiramente a edición da obra poética do escritor ao que a Real Academia adicaba o Día das Letras Galegas dese ano; a súa indecencia moral e política non para en barras.

O cuarto eixo da crise –o da relación coa realidade nacional que dota de identidade e de contido ao poder do Estado, e no noso caso nación sen Estado galega, dotada de autonomía polo actual Estatuto–, ese cuarto eixo, resulta máis notorio porque está máis publicitado nos medios, aínda que adoite presentarse como ameaza de desintegración da sacrosanta unidade da patria española que Rajoy leva como santo e *seña* do PP no momento mesmo en que o que se desintegra é a sacrosanta unidade do PP, que seguramente vostedes identifican co Estado mesmo, como partido con vocación de único, e dese xeito descóbrese que a famosa maioría natural era, naturalmente, artificial. Mesmamente porque a crise do Estado español e da Autonomía galega, no escenario ultraliberal, se manifesta nunha crise do modelo constitucional do Estado das autonomías por incongruencia co substrato sociopolítico plurinacional do Estado español. Non me cansarei de repetirlles que a vertebración política dunha realidade plurinacional se resolve cunha teoría do Estado e non da Administración; co dereito político, non co dereito administrativo; coa articulación de fontes de soberanía e non coa descentralización de competencias; por iso resulta inevitábel unha reforma constitucional a fondo, ou sexa en profundidade, non na xeneralidade do texto da Constitución senón no que vostedes chaman modelo territorial –que é outra aberración lingüística, porque as nacións non somos territorios, nin sequera nos definimos por un territorio físico–. O modelo autonómico vale para rexións ou provincias, non pode valer para nacións europeas que somos, queiran vostedes ou non, Galicia, Cataluña ou Euskadi. E sómolo, polo menos Galiza, desde moito antes de que existise o Estado español ou o concepto político de España; e tiñamos idioma galego antes que nacesse sequera o castelán; e máis tiñamos a densidade e a madurez cultural necesarias para que florecese a refinada poesía lírica e non os rudimentarios *cantares de gesta*. Convénzanse e dialoguen sobre isto; sobre isto si, señor Fraga, sobre estas cuestións que están no fondo da problemática, e non pillen outra vez outro rábano polas follas –á parte de que Galiza non é, precisamente, unha terra de rábanos–.

O modelo autonómico está esgotado no que atinxe ás nacións galega, vasca e catalá, en dous casos por colapso. Velaí están as novas formulacións feitas polos parlamentos e os gobernos catalán e vasco para redefiniren o status das súas comunidades nacionais no Estado español, mesmamente para poderen seguir articuladas dentro dese Estado e non para escachalo; para iso, para escachalo, fariáanse indepen-

dentes por secesión, non perderían o tempo en articular fórmulas de revertebración. E no caso noso, no galego, o modelo autonómico está esgotado tamén, só que por inanición: ou sexa, pola combinación da desnutrición coa inactividade –política, claro–. Vostedes converteron a autonomía galega nunha especie de deputación como a de Baltar ou a de Cacharro, só que supraprovincial, por iso se lles soben ás barbas, porque vostedes deixaron de exercer o poder e as funcións políticas da Xunta e do Parlamento e confináronse nas simplemente administrativas e nas clientelistas. Puxéronse ao nivel das deputacións no canto de situárense por riba delas, e agora sóbenselles á parra; nin sequera foron capaces de obrigalas a remitirlles os presupostos das súas deputacións para integralos ou adxuntalos aos que aprobou este Parlamento, como obrigan as leis e o propio Estatuto. Vostede, señor Fraga, é como un rei da alta idade media, cando o poder estaba nos feudos e o tiñan os señores feudais. O rei era un deles, tiña o seu feudo tamén, só que o escollían como árbitro das súas liortas para non andaren á greña constantemente. A diferenza está en que vostede nin sequera ten feudo propio nin mesnadas reais, e así está a acabar vostede.

Hai un ano preguntáballes eu desde esta tribuna de qué lle valeran a Galiza vintentantos anos de autonomía. Os cidadáns conscientes fanse esa mesma pregunta acompañada desta outra: ¿de que lles valeu a cada un dos grupos sociais dos que forman parte ou dos sectores, organizacións e institucións nos que traballan ou dos que son usuarios: a pesca, o agro, a industria, o comercio, a sanidade, o ensino, a vivenda, e así seguido? A resposta está no aire, como no cantar rebelde, mais unha cousa é certa: se os vascos e os cataláns consideran que a solución a teñen en avanzar no seu poder de libre decisión e autogoberno, os cidadáns galegos non son tan parvos como para pensar que nós, en troques, temos que entregarlle as rédeas dos nosos asuntos a Madrid. Iso nin sequera o pensan, nin llelo aturan aqueles dos seus propios afiliados e dirixentes do PP que teñen que lles dar resposta aos problemas e demandas dos cidadáns a pé de obra e non nos despachos inaccesíbeis dos altos cargos da Administración na fortaleza de San Caetano ou nos salóns da rúa Génova; pois que a rocha forte da Moncloa xa a perderon, e confío en que para sempre.

Así desembocamos na crise política da Autonomía galega e das súas institucións: da Xunta, do Parlamento, da Pre-

sidencia e mais do partido que dominou e controlou desde hai tres lustros a Xunta e o Parlamento ao son e ao compás dos ditados do “gran patrón” –debe ser a versión galega do “gran timonel” que era Mao Tse-Tung en China; aquí o timonel é o patrón de pesca, claro–.

A Xunta que vostede aínda preside hai ben tempo xa que desertou do exercicio de defensa das competencias políticas que lle confire o Estatuto e que se rendeu ante os ditados e esixencias do poder central do seu partido; primeiro cando gobernaba no Estado, e mesmo despois cando xa o botaran do poder os electores. Terei que reiteralo para refrescarlles a memoria. Na emerxencia do *Prestige*, vostede dimitiu de facto de exercer como presidente da Xunta e deixou que Rajoy ocupase o espazo institucional do noso autogoberno; díxenllo eu a tempo. Sacrificou vostede a unidade colexiada do Goberno galego á soberbia intrusista de Aznar, e a Xunta fendeu en dous cachos: os que querían que vostede e a Xunta exercesen as súas responsabilidades en defensa dos cidadáns que os elixiran, e os que se infiltraran na Xunta para servir a Madrid –ou sexa, a Aznar e a Rajoy– e non aos galegos. Aos autóctonos pediulles vostede obediencia e silencio e obedeceron e calaron; e prometeulles recompensalos coa vicepresidencia. E recompensounos vostede, mais non coa vicepresidencia senón coa decapitación decretada por Aznar, e comunicada por Rajoy –como nos vellos tempos, xa me entende–. A comezos do XVIII, Giovanni Battista Pergolesi compuxo unha comedia musical incidental que deu nacemento ao xénero da ópera bufa, que Mozart elevaría aos cumes da xenialidade subersiva con *As vodas de Fígaro* e mesmo á fronteira da traxedia con *Don Giovanni*. A obra precursora de Pergolesi, subversiva tamén ela para a orde social do seu tempo, titúlase *La serva padrona*, na que unha criada lista e raposeira logra converterse en ama. Traducida ao xénero masculino, “il servo padrone” é alguén que trata como un patrón despótico os vasalos que mellor o serven, mentres se comporta servilmente cos que teñen máis poder ca el. ¿Sóalles a alegoría, señores da Xunta de Galiza? Iso fora cando Rajoy era Goberno en Madrid. Mais agora, cando só goberna no PP, vostede, presidente da Xunta, montou unha crise e practicou a cirurxía na Xunta para cumprir os poderosos caprichos do “señor dos xarutos”. Para iso remodelou vostede o Goberno autónomo, non para mellorar a súa eficiencia na solución dos problemas da cidadanía galega. Actuar así non é gobernar nin farrapos de gaita.

Mais, non satisfeito con converter a Xunta en instrumento do PP madrileño, vostede acabou por facer outro tanto co propio Parlamento, con esta disque cámara de representantes dos cidadáns galegos, na que os electores que non votaron PP non contan, porque vostedes aplican a piñón fixo a maioría absoluta, teñan ou non teñan razón. E os deputados da oposición só temos dereito ao patalexo, ou iso di o seu pluriempregado conselleiro da Presidencia, portavoz do Goberno e portavoz do grupo, auténtico “tres en uno” chiringado nos gonzos desta Cámara. (*Aplausos.*) Porque aínda a esa figura que realiza actualmente a división de poderes entre o lexislativo e o executivo só lle falta o xudicial, que tamén sexa portavoz do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perfecto, vostede ten antecedentes que ían por aí, en *El Imparcial*. (*Aplausos.*) (*Interrupcións.*) ¿Eh? ¡Non me pinche! E no libro de Juan Pla, citado 45 veces vostede. (*Interrupcións.*) Ben, sabemos de qué falamos. Vostede contou mellor ca min, seguro, porque está máis interesado. Para min só é unha cuestión anecdótica e para vostede foi vital, de vida ou morte, naquel momento.

O señor PRESIDENTE: Por favor, non dialoguen.

O señor BEIRAS TORRADO: Que non dialogue o conselleiro, que foi o que empezou a interpelarme, que eu aínda non estou no Goberno. A ver se van facer como Albor...

O señor PRESIDENTE: Continúe, señor Beiras, continúe.

O señor BEIRAS TORRADO: ... como Fernández Albor, que non sei se está alí arriba, que unha vez, na reunión do grupo parlamentario, lle dicía a Barreiro Rivas: Oia, xa está ben de que nos interpele o deputado Ceferino Díaz. A ver cando interparamos nós o deputado Ceferino Díaz. Esa era a Xunta de Galiza dos anos oitenta... Marabillosa coñecemento das institucións.

Por se fose pouco aínda co que acabo de relatar respecto do señor “tres en uno”, o seu presidente deste Parlamento pon en solfa sentencias do Tribunal Constitucional seguindo a partitura que vostede lle dita sen saberen música nin vostede nin el mesmo, que xa é o colmo; unha Cámara convertida en monifate dun teatro de títeres, no *Barrigaverde* que eu presenciaba cando neno na feira de Santa Susana, que remataba sempre a representación con aquela sentenza que

nunca esquecín e que hoxe recobra un sentido tan actual neste recinto: “Morreu Barrigaverde, morreu de repente, morreu o demo, acabou a peseta”. Nefeuto, señores e señoras da Xunta, señoras e señores deputados do PP: acabou a peseta e rematou a función, a titiritada de feira.

¿E que herdanza deixan a este país? ¿Cal é o balance da súa xeira no poder? ¿Cal é a conta de resultados da súa xestión? Tres palabras abundan para sintetizalo: quince anos perdidos. Hai aínda cousa dun mes, o presidente da Xunta dixo, e sen previa provocación, que o Bloque estaba en caída libre. Linguaxe de paracaidista, moi propia de quen chegou á política galega como chegou el. Mais, ao que vou, o presidente, coa súa humildade característica, aínda non se decatara de que quen estaba en caída libre era el mesmo, precisamente. Din os entendidos en paracaidismo que cando se practica a caída libre, planando sen abrir o choupín e facendo todas esas lindas figuriñas de ballet aéreo que se ven en *Documania*, tense a sensación de aboiar no aire e entra unha especie de embriaguez moi perigosa, porque pode esquecerlle a un tirar do anel que abre o paracaídas antes de bater co chan e ficar esperrenchado e plano coma o gato Félix dos debuxos animados. Con todos os respectos debidos, debeulle pasar algo así ao presidente. Mais o grave non é iso, o grave é que a quen arrastrou na súa caída libre foi a Galiza. No debate do pasado ano xa fixera eu o balance comparativo de tres lustros de política fraguiana –ou manuelina, se prefire, como a do rei portugués dos Xerónimos lisboetas–. Remítome ao *Diario de Sesións* para non repetirme. Mais hoxe quero completar a conta de resultados confeccionada daquela cunha relación dos andazos máis graves que nos deixa a era Fraga no corpo maltreito e na alma penitente da nación galega.

Ao meu ver, os andazos máis graves son estes:

1. Exterminio do campesiñado, que implica un auténtico etnocidio na Galiza rural; foco da cultura deste país, empinando polo idioma, durante cincocentos anos escuros.
2. Regresión demográfica: unha estrutura da poboación envellecida e exhausta, máis unha dinámica negativa no crecemento vexetativo agravada polo rebrote da emigración.
3. Destrago dos ecosistemas, especialmente grave no mariño, o forestal, o hidrolóxico e o atmosférico.

4. Precariedade xeneralizada no emprego, inseguridade e sinistralidade laboral, e paro endémico que por riba castiga máis aos máis cualificados, aos máis novos e ás mulleres.

5. Mutilación dos sectores produtivos estratéxicos e con máis vantaxes comparativas na economía e no comercio internacional. Ou sexa, o mundo ao revés da teoría económica: gandería, agroindustria, pesca, construción naval, maquinaria, enerxía en ciclo combinado, etcétera.

6. Anemia e carencia total de autonomía do sistema tributario e financeiro público.

7. Discriminación e indefensión dos grupos de cidadáns máis febles e vulnerábeis: vellos, autónomos, mulleres e discapacitados. O desamparo institucional dos discapacitados en Galiza raia na criminalidade da Administración por violación de dereitos humanos fundamentais.

8. Situación de “sal-se-podes” da mocidade, condenada a escoller entre o paro –sen cobertura as máis das veces–, a emigración, o emprego só accidental ou sistematicamente temporal –por rescisión sistemática do contrato antes de que o poidan consolidar–, ou traballos deleznableis para a formación, cualificación ou titulación que ostentan. Case ningún mozo ou moza pode traballar naquilo para o que se preparou, e os licenciados en ciencias ou humanidades forzados a traballar de uxieres ou de gardas de compañías privadas de seguridade, por exemplo, seguen a ser regra e non excepción.

9. Deterioración progresiva da Seguridade Social e dos servizos públicos e sociais, ensino e saúde, cun constante proceso explícito ou encuberto de privatización e mercantilización –¡ollo!, falamos moito de privatización sen dicir o que significa: mercantilizar bens sociais, iso é o que significa; a mercantilización é moito máis grave ca a privatización–, que transgrede normas fundamentais da Constitución disque vivente. Algunhas liñas explicitamente con mención do número de artigo, e eu non votei a Constitución, pero deféndoa fronte aos que a están desmontando peza a peza mentres din que son os adais da Constitución e que outros somos, polo visto, a “ameaza” para esa Constitución; os que se aferran a defender a inmovilidade da Constitución como se aferraban a defender a inmovilidade e o inmovilismo de sistemas xurídico-políticos anteriores que non quero volver

mentonar máis, pero que sabemos todos cales eran, e que padecemos algúns durante os primeiros corenta anos de vida.

10. Gravisima regresión do idioma galego –signo de identidade nacional segundo o propio Estatuto– e reapariación agravada e recrudescida do conflito lingüístico no uso social do idioma. E nos medios de comunicación o panorama do idioma é de escándalo. A Constitución di, no artigo 3.2, que “a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”. ¡Xa se nota o ben que a respectan e a cumpren vostedes e os poderes mediáticos! Practican, tamén nisto, o etnocidio; iso si, *con muchísimo respecto*, coma no coñecido drama do *siglo de oro*. Os nenos monolingües galegos seguen sen ter opción a un currículo escolar no seu idioma. Pásalles aos meus netos hoxe case o mesmo que lles pasou aos meus fillos. ¡E para iso vinte e cinco anos de loita e combate democrático pola autonomía do país e pola normalización do idioma! E no ámbito social extraescolar aínda están en peor situación que a xeración anterior. Só falta que privaticen vostedes –e traduzan– a TVG, como pretenden algúns dos “do birrete” e mais algún grupo mediático. ¿Ou non?

Cando vostedes desaparezan do poder cumprirá comezar un auténtico proceso de “reconstrución nacional” do país en todos os eidos: economía, territorio, medio ambiente, cultura, idioma, relacións sociais, administración e, na base, sobre todo, democracia. Deixan vostedes o país como despois dunha guerra –coa importante excepción de non deixaren mortos por bombardeos e só cadáveres políticos apodrecendo ao ar, como na Antígona de Esquilo–.

Cumprirá poñer en obra o programa de goberno que o BNG ofrecera e se comprometera a iniciar xa nas eleccións de 1997, que xa vostedes podían ter perdido se o “caballero” don Abel e os seus estivesen daquela polo labor. E non volvo a ollada atrás, só conservo e exercito a memoria; porque un home, como un pobo, sen memoria está perdido ou morto, e mais tamén porque na miña memoria non hai infernos.

Mais poderíamos contrastar a relación que fixen de andazos que Galiza herda da “era Fraga” co programa de goberno do BNG, e veríamos como hai nel resposta asisada, imaxinativa e factíbel para cada un deses graves problemas car-

dinais. Á vista diso, dá arreguizos comprobar de qué xeito este país perdeu o tempo coa estulticia rutineira e paifoca, e mais coa falta de coraxe política que vostedes exhibiron no seu exercicio do poder.

E o tempo histórico nunca é reversíbel. É algo do que eu sempre fun moi consciente no meu combate político, mais que esta “clase política” semella ignorar por completo. Vostedes parecen estar estupidamente instalados na eternidade, que é a forma máis alienada da idiocia. Non están preparados para a morte política. ¡O que tal se pode transformar un país e unha sociedade no que dura unha lexislatura! ¡O que tal mudara a sociedade española en cinco anos de República! –pese a un “bienio negro” no medio–. ¡O que tal fixera neses mesmos anos o Partido Galeguista a prol do pobo galego! Vostedes perderon quince anos decisivos de aceleración histórica no mundo, quince anos no que o aldraxado goberno nacionalista vasco, por exemplo, levou a Euskadi de estar un 25% por baixo da renda media da UE a ter superado esa cota media hai dous ou tres anos xa. O mesmo que vostedes aquí. ¡Pero son malísimos, son o demo! ¡Claro!, porque demostran o que se pode facer e o que vostedes non fan e o que o Goberno do Estado tampouco. E quedar en evidencia non lle gusta a ningún se non ten humildade.

Comproben no programa do BNG o modelo de financiamento público e de facenda galega a curto e medio prazo; a creación dun instituto de desenvolvemento económico autocentrado; os trece criterios básicos de política económica –vostedes foron incapaces de enunciar nunca un só, fixeron nisto como as mans dun neno de dous anos no teclado dun piano–; o redeseño das institucións e instrumentos financeiros públicos para vitalizar o tecido empresarial e un pacto social pola industrialización –se o empresariado e sindicatos non perciben o que iso pode supor, será que son parvos ou están na inopia–; as bases da ordenación territorial e o Instituto de Estudos Territoriais, que racionalizarían o caos inorde no que está o noso territorio e impedirían andar, como andan vostedes, ás atoutiñadas con leis reformadas a cada pouco por outras peores aínda. E así poderíamos seguir co emprego, a negociación colectiva, co medio ambiente, co desenvolvemento rural, coa reforma da política pesqueira tanto propia como da UE –por certo, o acordo unánime deste Parlamento sobre a política pesqueira común en setembro do 2002 botárono vostedes á cesta dos papeis, ¿non si?–.

En fin, cunha política de rexeneración democrática e institucional.

Teñen vostedes o hábito, entre pueril e perverso, de anunciaren liñas de actuación mesmamente como se comezasen a gobernar nese intre, ou de faceren descubrimentos de problemas coma se os herdasen de gobernos precedentes e recién derrocados. Lémbrase, señor presidente, das “40 medidas urxentes” programadas polo BNG que vostede recolleu da miña man aquel día de autos da súa investidura do 2001, que logo tanto daría que falar. Non teño tempo para lerllas aquí, mais revíseas vostede: en tres anos que van desde aquela, vostede non abordou ningunha delas. E non me diga que non as aplicou porque seica eu rompín o diálogo institucional, pois que equivalería a confesar que, se eu non lle meto a aguillada, vostede non se move. Escóiteme: a vostede o *Prestige* librouno de ficar en evidencia respecto de que Aznar non lle toleraba cumprir ningún dos compromisos que contraera comigo, non no meu beneficio –que eu non ía aparecer como autor das accións de goberno– senón a prol de Galiza, que é o único que a min me importa, mentres a vostede só lle importa perdurar no poder –como acaba de demostrar unha vez máis–. Ou, se non, ¿que foi da reforma da Lei universitaria de Galiza, da posición galega fronte á reforma da PCP, da Eurorexión con Portugal, da esixencia de cumprimento do artigo 131 da Constitución, da presenza de Galiza con voz propia nos órganos de decisión da UE, do protocolo co Goberno central para a non invasión de competencias plenas ou exclusivas nosas, ou das bases para o avance no noso autogoberno? Proxectos, proxectos, proxectos... Despois de quince anos, proxectos, proxectos, proxectos, para o futuro do 2030, seica –*Lucas de Fisterra, Carlos Mella*–. ¿É vostede tan feble que, dicíndome que coincidía comigo neses obxectivos, era incapaz de avanzar cara a eles pola súa conta? ¿Acaso quería vostede que eu copresidise a Xunta sen figurar nela? Vostede nunca entendeu que eu fixen o que fixen porque eu si que son demócrata e, sempre que podo, aposto por dar a outros a oportunidade de sérenos tamén. Nisto levei moitos nabos, debo recoñecelo, e non só con vostede, mais sempre manteño a aposta. E máis porque eu si que amo a Galiza por riba de todo –e, sobre todo, por riba de min mesmo–. Eu sonlle humilde, aínda que non o parece, porque teño dignidade e orgullo, como todos os autenticamente “bos e xenerosos” que coñecín en vida –que non foron poucos–.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... e que agora andan tan espantosamente escasos, por certo—.

O señor PRESIDENTE: Ten despois un rolda de réplica.

O señor BEIRAS TORRADO: Mais voltemos ao que importa —señor presidente, faltan catro follas, e, se non lle importa...—.

Voltemos ao que importa e acabemos esta diagnose cunha ollada á encrucillada na que se atopa Galiza. O proceso “desconstituínte” consumado polo aznarismo deixou abertas catro chagas noutros tantos centros vitais do corpo constitucional do Estado: un, o modelo de Estado social de dereito, subvertido nos valores que o definen no propio art. 1 da Constitución; dous, o modelo de economía social de mercado, suplantado polo darwinismo social legalizado ao servizo da *omnipotens lex* do mercado; tres, o modelo de integración en Europa, suplantado no aznarismo pola servil adhesión á estratexia ianqui de sabotaxe á Unión Europea; e catro, o modelo do Estado das autonomías, esgotado e inserbíbel.

Reparar as dúas primeiras desfeitas só lle incumbe a Galiza como membro do Estado; e a terceira, como nación europea que somos. Mais a cuarta incúmbenos de cheo e en calquera caso, pois que atinxe ao noso status de autogoberno, sexa cal sexa a tendencia na que se oriente o Estado español. Cataluña e Euskadi vírono así con toda claridade no que as atinxe, e puxéronse a traballar para reformularen o enfoque e as condicións políticas da súa articulación nun Estado español que asuma o feito real, e non inventado, da súa plurinacionalidade.

Iso plantexa e fai ineludíbel unha reforma da Constitución se o poder do Estado é democrata e renuncia a meter no cárcere os dereitos dos pobos ao seu autogoberno, e se non quere forzalos á secesión como única vía de exercer eses dereitos. Hai un cuarto de século, na chamada transición, Galiza ficou ausente. E non porque ninguén a excluíse, senón porque estaba politicamente descabezada. Hoxe non pode repetirse ese desgrazado precedente histórico. Xogámonos moito máis que un ideario, uns valores abstractos ou un debate de conceptos, xogámonos que nunca máis o

benestar material, social e cultural dos cidadáns galegos padeza mutilacións ou perdan a oportunidade de ascenderen por careceren dos instrumentos políticos necesarios para defendérense eficazmente e prosperaren. E a experiencia vivida nestes decenios, e comparada coa doutros pobos da Península, demostra que eses instrumentos políticos só poderemos utilizalos se dispomos dun espazo abondo amplo e firme de libre decisión política, o que implica termos un status político congruente coa condición política de “galegos de nación”, un status de nación, e non de territorio noroeste. Porque para nós, e vistos desde nós mesmos, o noroeste é a comarca de Ortegal, e vistos desde fóra seremos o oeste desde Europa e o leste desde América. Xa me entenden, que parvos non son: Galiza, para os galegos, non é un cacho de España, senón que España é o contorno de Galiza ao leste, como o é Portugal ao sur e Irlanda ao norte “mar por medio” —como din na mariña de Lugo—.

O BNG está a traballar para que Galiza dispoña dunha fórmula valedeira, combinadamente, para un autogoberno suficiente e mais para unha articulación acaída nun Estado español razoablemente vertebrado con base na súa plurinacionalidade. Xa temos elaboradas unhas bases para ese desexo. Mais somos demócratas, apostamos pola democracia participativa e sabemos que o protagonista da andaina política de Galiza ten que ser o pobo galego mesmo. Por iso abrimos un proceso de diálogo coa cidadanía para analizar, debater e enriquecer esas bases coas achegas de todos os cidadáns, asociacións e organizacións sociais que queiran participar, e desembocarmos, así, na elaboración dun texto articulado de novo estatuto socialmente asumido. Para iso acabamos de constituír un foro que non será dirixido e coordinado por cadros dirixentes do BNG, senón por personalidades de recoñecido prestixio científico, cultural, social ou cívico. Así é como se constrúe e se reconstrúe democráticamente un país: coas portas abertas á participación e á opinión de todos os cidadáns que queiran exercer como tales; ou sexa, coa actitude antitética do talante autocrático que vostedes exhiben en política.

Estou seguro de que o pobo galego responderá a ese convite, como respondera nos anos da República ás iniciativas, exhortacións e traballo incansábel do Partido Galeguista de Bóveda e Castelao, primeiro na Asemblea de Concellos que lanzou o proxecto de Estatuto de 1932 e logo na campaña que plebiscitou masivamente ese Estatuto en xuño do 36,

salvando así os nosos dereitos democráticos nacionais para un futuro de despois de Atila, xa que Atila asasinara aquel presente de esplendorosa liberdade. Ese futuro é hoxe, señorías, e é o nacionalismo galego quen o trouxo ata aquí. É tamén o nacionalismo galego de hoxe quen empezará a edificar as institucións do novo status político dos cidadáns galegos, desta nosa nación de cidadáns, desde o día seguinte mesmo á súa inminente derrota, señor –aínda– presidente.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

O público, se fai o favor, abstéñase de manifestarse.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor PITA VARELA: Señor presidente.

Señorías, permítanme, en primeiro lugar, manifestar no nome do Grupo Parlamentario Popular a alegría que sentimos polo rápido e extraordinario restablecemento do noso presidente, o que demostra unha forza e unha enerxía excepcional. E quero recordar –para que non cree ningún problema nos que son dun bando ou doutro– o que estes días aconteceu con ilustres figuras do deporte, unha do Real Madrid e outra do Barcelona, que resulta que en poucos días tiveron unha enfermidade semellante á que se lle plantexou ao noso presidente, pero con algunha diferenza: que a algún houbo que internalo rapidamente nun centro sanitario. Ou mesmo houbo un ciclista importante que na Volta a España tivo que abandonar a carreira. Tamén lle aconteceu ao noso líder na Comunidade de Madrid, alcalde da cidade máis importante de España, da capital do Estado español, Alberto Ruíz Gallardón, que tivo un problema semellante e houbo que internalo. O noso presidente, á hora e media de ter un problema, estaba dando resposta e rematando o seu discurso diante de todos nós. Alegrámonos, e moitas grazas, presidente Fraga, por ese exemplo excepcional que vostede representa a prol da nosa querida Galicia. (*Aplausos.*)

Pero, dito isto, vou entrar no miolo da cuestión, non como fixo algún, que eu pensei que estabamos hai un pouco iniciando unha campaña electoral. Porque aquí houbo quen non se manifestou sobre o debate do estado da Autonomía

correspondente ao exercicio do ano 2004, o que estivo facendo foi lendo o seu programa electoral. Eu quero recordarlles que aínda hai pouco que nolo leron a todos, e que levaron dous últimos fracasos estrepitosos. Eu non sei se é que está ensaiando para o seguinte, ¡alá vostede! Pero quero dicirlle que estamos no debate do estado da Autonomía.

E dentro de que, loxicamente, coincidamos ou non co señor Beiras –que non está presente–, que máis ben non coincidimos co programa ou co proxecto ou coa crítica que nos fixo, que lle fixo ao presidente, que lle fixo ao Goberno do Partido Popular, que lle fixo ao Goberno de cando estivo o Partido Popular en España, si fixo un discurso moito máis congruente e moito máis lóxico coa circunstancia pola que nos atopamos hoxe aquí, que é o debate do estado da Autonomía. Por iso lle digo que aquí se fixeron unhas propostas por parte do Bloque Nacionalista Galego en canto ao seu pensamento, que, loxicamente, está nos antípodas do pensamento do Partido Popular, do noso grupo parlamentario, do noso presidente e, polo de agora, tamén da maioría dos galegos, que rexeita sempre ese proxecto tan especial que defende o Bloque Nacionalista Galego. Pero ese é o seu problema; non, desde logo, o noso nin o problema da maioría dos galegos.

Pero dito isto –eu sinto que non estea aquí– teño que dicirlle ao señor Beiras, como aquí fixo unha crítica á boina, ao birrete, a esas cuestións que xorden dentro das mellores familias, loxicamente, que eu penso que hai que facerlle moito caso ao señor Beiras porque ten máis experiencia ca todos nós a respecto desa cuestión. Claro, no Bloque non é a boina e o birrete; máis ben é o piano e a zanfona (*Risos.*). Pero pasa o que pasa, e tamén xa ven o que recolle algún deles. De momento, a zanfona pegoulle un bo repaso ao piano. Agora, cadaquén que pense o que lle dea a gana. Dígoos porque loxicamente en todos os sitios hai moito que rascar. Tamén falou e dixo “tres en uno”, pois ás veces tamén hai “un sen tres”: nin líder, nin candidato e xa veremos, cando cheguen as próximas, se deputado. ¡Quen o viu e quen o ve! Consecuentemente, cadaquén que se aplique a si mesmo o que poida dicir dos demais.

Desde logo, señor presidente, señorías, eu quixera dicirlles que estamos no debate do estado da Autonomía, non na campaña electoral, que non a vai haber polo de agora, señor Tou-

riño. Vostede xa leva tempo adestrando, despois lereille algunhas das súas palabras, que nos fan moi famosos a todos nós.

Un ano máis estamos nesta cámara de representación do pobo galego –que a veces é cuestionada, non por nós pero si pola oposición, que di que é unha cámara morta, que é unha cámara pechada–. É unha cámara na que nos expresamos todos. Acaba de participar o representante do Partido Socialista, acábao de facer o do Bloque Nacionalista Galego e agora faino o do grupo maioritario, e despois daralles resposta o presidente da Xunta de Galicia. Esa é unha actuación nun foro democrático. O que pasa é que algúns queren aplicar o criterio á inversa; é dicir, que as minorías se impoñan ás maiorías. E iso, de momento, nin nesta Cámara nin en ningún parlamento que estea amparado por unha constitución democrática nun Estado de dereito vai acontecer. Noutros sistemas que hai un pouco algún aínda estaba añorando –seguramente que o coñecen– desde logo poden actuar desa maneira. Os que cremos na liberdade, na democracia e no Estado de dereito pensamos que este é un foro vivo no que participamos todos. Loxicamente ao final non queda máis remedio que votar, porque, se non, teríamos todos as nosas razóns, e todos as temos; pero ao final ten que preponderar loxicamente a da maioría, que é o principio básico que citaba o noso querido Rousseau naquel *Contrato Social*. Pero ben, non imos agora dirimir esas cuestións.

Eu quero dicir que algún aínda non se decatou do que aconteceu neste último ano e en todo este tempo durante estes últimos quince anos na nosa comunidade. Porque unha análise polo miúdo da realidade da autonomía galega ten para o Grupo Parlamentario Popular, que eu me honro neste momento en representar, loxicamente, unha moi positiva valoración, como non pode ser doutra maneira. E digo positiva porque ofrece uns moi bos resultados que son o froito da aplicación dun ambicioso programa de goberno que comezou coa chegada do presidente Fraga no ano 1989, que se prolongou nesa continuidade permanente que fixo esa extraordinaria transformación de Galicia. Xa está ben de chorar e de laios. Hai outra Galicia nova, hai unha Galicia puxante, importante, da que a maioría dos galegos nos sentimos orgullosos. Outros queren tapalo, queren enzoufalo, manchalo de negro, enchelo de chapapote. Non lles fan caso. Cambien de discurso, vaian por outro vieiro, con ese non van a ningunha parte.

E quero dicirlles que ese programa se aplica coa man firme do presidente da Xunta de Galicia e, loxicamente, do seu Goberno e co apoio do grupo parlamentario maioritario. Claro, contando con catro maiorías absolutas, ¡que lle imos facer! Porque hoxe volveuse cuestionar, de forma máis velada, o grao de madurez dos cidadáns de Galicia falando de que se caciques, de que non sei que e non sei canto... A ver se respectamos dunha vez, que é moi importante, a madurez dos galegos, que parece que hai uns que teñen un carné especial que está por riba dos demais e que unha gran maioría están incapacitados para exercer libre e democraticamente o seu dereito para emitir o que consideran máis oportuno. E non os vai mediatizar ninguén. Consecuentemente, un respecto para os nosos cidadáns.

Dito isto, fronte a ese negativismo, a ese derrotismo, dos que me precederon na palabra, e que ano tras ano se adican a poñer proa ao Goberno, ás súas actuacións, negando a evidencia que –repito– está aí, teño que dicir que para nós prima o interese de todos os galegos, non duns poucos. Non dos dun bando nin doutro, senón de todos. E Galicia, para nós, está por riba de personalismos. Iso demostráronlo todos os días precisamente o noso presidente.

Señoras e señores deputados, estamos nun tempo de novos retos, dun novo impulso institucional, de reformas de gran alcance no marco estatutario e noutros órganos de decisión, na Unión Europea e no Senado, que xa foron plantexados primeiro precisamente –aínda que lles molesta que se lles recorde– polo noso presidente. Porque cando ninguén falaba desas cuestións, o noso presidente Fraga falaba da reforma do Senado, da Conferencia de Presidentes, da participación con voz e sen voto no foro europeo dos presidentes autonómicos, etc. Cousa que a outros non se lles ocorría ata que, loxicamente, o dixo o presidente Fraga, precursor destas cuestións.

Unha vez máis, o presidente do Goberno galego reclamou consenso e tendeu a man, señor Beiras. Quero dicirllo, aínda que eu estou dirixíndome, loxicamente, cara ao presidente, pero algo tiven tamén que ver e que escoitar. E quen tendeu a man non foi vostede, quen lles tendeu a man foi, xenerosamente, o presidente da Xunta de Galicia a vostede e aos outros grupos da oposición. E non esqueza, señor Beiras, que a resposta a esa xenerosidade dos bos e xenerosos foi, a pesar de vostede –que sabemos que non era a súa

intención, e sábeo—, unha moción de censura. (*Aplausos.*) Non o esqueza, señor Beiras; nós tampouco. Foi unha moción de censura. Esa foi a súa resposta. Consecuentemente, falemos —cando queira— de bos e xenerosos, pero non nos van dar leccións nese terreo.

Eu, señor presidente da Xunta, tamén o felicito polo grao de cumprimento dos compromisos que se adquiren nesta Cámara, precisamente, como as propostas de resolución de hai un ano, que foron moi importantes, que foron aprobadas aquí nesta Cámara e que están cumpridas practicamente nun 80%. E o 20% restante están en vías de cumprimentar, practicamente non hai ningunha. E non se pode dicir o mesmo daquelas nas que se instaba o Goberno de Madrid para que fixera o cumprimento delas, do que falaremos dentro dun anaco. Porque aquí algún, no seu programa electoral, esqueceuse dos incumprimentos e do sufrimento que estamos tendo desde hai unha temporada como consecuencia da acción insolidaria de quen, tendo responsabilidades, nos están dando as costas e están pretendendo tomarlle o pelo ao pobo galego. Diso falaremos dentro dun anaco. (*Aplausos.*)

Señor presidente, estamos orgullosos tamén da intensa actividade que emana desta Cámara, do traballo que estamos a facer todos os días. Nunca estivo tan viva. Tamén, loxicamente, é consecuencia de que nós somos unha das comunidades con máis responsabilidades de autogoberno, derivado das transferencias e da capacidade que ten o Goberno da Xunta e que ten esta Cámara para legislar —que non a teñen a maioría das comunidades autónomas—. Temos especialmente tres grandes comunidades históricas, como é Cataluña, como é o País Vasco e como é Galicia. E, consecuentemente, iso dá lugar a maior actividade. E non se pode falar dun parlamento que non traballa, cando nunca tivemos tantas comisións, nunca nunha orde do día figuraron tantos puntos de impulso e de control por parte da oposición, coa xenerosidade do grupo maioritario; nunca houbo tanta participación de comparecencias de membros do Goberno e nunca houbo tantas do propio presidente da Xunta de Galicia, que, por vontade propia —e que non ocorre en todos os parlamentos—, unha vez ao mes responde ás preguntas dos grupos da oposición. Levamos 45 respostas no que vai de legislatura. Que quede claro e que quede constancia. Isto non sucede en moitos outros parlamentos.

E quero recordarlle, para darlle unha pequena lección de coñecemento —e quero recordallo a vostede e a todos—, que, cando vostedes gobernaron en España e ata que perderon a maioría absoluta, o seu líder e presidente de todos os españois non compareceu nunca, ata que, cando perdeu a maioría, os socios que tiña o obrigaron a comparecer. Así que, ¡coidadiño! Nós temos a maioría, non dependemos de ninguén, como lles pasou a vostedes. Así que o exemplo hai que dalo pero cando se ten ocasión, non cando se está na oposición. Que lle quede claro para o seu coñecemento.

Tamén lle quero dicir que este Parlamento, precisamente, está neste momento moi preocupado. E cando digo “este Parlamento” estou falando do grupo maioritario pero tamén do Bloque Nacionalista Galego, porque niso coincidimos —e non é unha pinza, é o sentidiño común que hai que ter dentro da actividade de cadaquén—. Estamos moi preocupados porque aquí creamos unha comisión especial de seguimento do Plan Galicia. E cando falo do Plan Galicia, señorías, señor presidente, estou falando do feito máis importante e clave para o desenvolvemento da nosa terra. Algo que aconteceu como consecuencia dunha gran desgraza; *a grandes males, grandes remedios*. E foi un Goberno solidario o que o 20 de xaneiro do ano 2003 veu facer un *Consejo de Ministros* á cidade da Coruña, precisamente con gran compracencia de todos —incluíndo a dun dos seus líderes, probablemente o único líder que teñen vostedes, que estivo tan de acordo co que estamos a facer nós; é o único líder que teñen vostedes, por iso o tiveron case sempre marxinado—. Pero, aínda así, quero recordarlles que, con esa data, se aprobou o plan máis ambicioso e máis xeneroso que tivo o Goberno de España de cara a ningunha comunidade, que foi o Plan Galicia.

O Plan Galicia foi a gran ilusión de todos nós, e hoxe é un dos problemas que temos como consecuencia da insolidariedade do Goberno de España. Pero quero dicirlles algo máis: tamén da insolidariedade, para nós moito máis grave, dos que están dispostos aquí a evitar, a diluír, a escapar, a esa fuga, falando dun proxecto, dun programa utópico —dun programa utópico porque ninguén o cre, que o presentan todos os anos e sempre llelo rexeitan na gran festa da democracia, que é cando teñen lugar as eleccións, cando llelo collen e botan para un lado—. Tentan tapar o gran problema e a súa —repito— insolidariedade.

Eu quería aproveitar hoxe aquí para que o señor Touriño, nesa segunda intervención que vai ter, sexa capaz de saír aquí a explicarnos por que razón o Partido Socialista de Galicia é insolidario con todos os galegos, señor Touriño. ¿Por que o Partido Socialista de Galicia lle dá as costas ao Plan Galicia? (*Aplausos.*) Saia aquí e explique, non nos fale de utopías, fale da realidade (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), fale do compromiso do Goberno de España coa nosa terra. Fíxese ben: o Partido Popular ten a maioría, e o Bloque Nacionalista Galego, a minoría –pero é a maioría da minoría, de momento, quero recordárllelo–. Porque vostede, señor Touriño, cando vén falar aquí é a minoría da minoría, non o esqueza. Dígoos para que lle quede claro, porque ao mellor pensa que está exercendo vostede alí ou aquí de estadista, coma se fora o presidente. Eu recórdolle que é o voceiro da minoría da minoría, que lle quede claro, para que non teña dúbida ningunha. (*Murmurios.*)

Pero eu repítolle que saia aquí, que sexa valente, e que saian dese agochamento que teñen neste momento, dese medo que teñen, como non lles fan caso en Madrid... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) Miren, nós preferimos que conste... (*Murmurios.*) Eu xa sei que os seus compañeiros de Madrid, sobre todo as compañeiras, nese *cupó* do que falaba o señor Touriño, teñen que estar adicadas a iso dos desfiles de moda e a esas cuestións, pero nós estamos ao traballo (*Murmurios.*), que é o que temos que facer.

Pero quero recordarlle que nós –fíxese se somos xenerosos!– (*Murmurios.*) preferimos que se dediquen aos desfiles de modas que a que se reúnan para quitarnos o que nos deron outros no Plan Galicia. Sigán nos desfiles, non os queremos noutro eido; sigán por esa banda, sigán por aí. Porque nós o que queremos é que traballen, pero o que non pode ser é que enchan de agravios todos os días o que é a nosa terra, o que é a nosa produción, o que é o Plan Galicia, o que son as nosas empresas e o que é o sector naval. Non lles chegou co que fixeron de 1982 a 1996, que encheron de aldraxe e de pobreza a Galicia (*Murmurios.*); marxináronnos e machucáronnos. ¿Que pretenden vostedes outra vez? ¿Que é o que fan? ¿Onde se atopan vostedes? Érganse dunha vez, digan o que teñen que dicir, defendan os intereses dos galegos, nós defendémolos sempre. Por iso, cando non nos axudaban como era debido, ou cando tiñamos que pedir, reivindicamos, e, houbo unha xenerosidade e houbo un goberno que

fixo un esforzo cara a Galicia para colmala despois dunha gran desgraza (*Murmurios.*), sen contar para nada co apoio de vostedes. Vostedes saben que o 27 de xullo pechou unha fase da Comisión de Seguimento do Plan Galicia a favor de levar a Madrid unha proposta simplemente, que non era máis que iso, e vostedes abstivéronse vergoñentemente. Saian a explicalo aquí, non veñan a falar da utopía dun programa que non existe (*Murmurios.*). Veñan a falar do que teñen que falar, do que lle corresponde á nosa terra, non falen por falar. Iso é o que non se pode facer.

Eu, de verdade, señor presidente, falarei dentro dun momento outra vez diso porque é unha gran preocupación, é o que nos demanda a sociedade galega neste momento ao Goberno de Galicia e o que lle demanda ao grupo maioritario –aínda que vostedes anden con outras trapalladas, tratando de dicir outras cousas que non teñen nada que ver coa realidade do compromiso–... (*Murmurios.*) Chegaralles, chegaralles, ¡tranquilos!, xa lles chegará. Pero mentres, señor Touriño, a vostede –que non é catedrático de economía, como din algúns, que é un profesor de economía, quero recordarlle (*Murmurios.*)... –Non, dígoos porque o lemos ás veces e non é certo; hai que dicir a verdade sempre (*Interrupcións.*), non hai que inventar utopías; ata niso teñen utopías.– Pero quero dicirlle que a economía galega –cando vostede falaba aquí de que medrou, e tamén me vale para dicirllo ao señor Beiras– medrou igual que a española ao longo do ano que estamos analizando neste momento, a pesar do *Prestige*, e que o noso produto interior bruto aumentou un 2,4%, dous puntos máis que a europea e medio punto máis que no ano 2002. Este proceso continúa a manterse no presente exercicio, e Galicia continúa nunha positiva tendencia de crecemento que nos permite seguir co proceso de converxencia coa Unión Europea. Acadamos un grao de converxencia do 81% da renda bruta per cápita da Unión Europea. O pasado ano a evolución da nosa Comunidade Autónoma situouse na cabeza da locomotora económica española –e vexan o informe da Fundación Caixas de Aforros–. Foi un crecemento que se debe ao dinamismo dos sectores de servizos, á industria, á construción, cun 2,72%, fronte ao 2,65% do Estado. É unha converxencia que, con todo, se vai ver ralentizada –e aí está o noso gran problema, e volvo repetilo– polo incumprimento do Goberno central co Plan Galicia; un desprezo a un compromiso do Estado, señoras e señores deputados. Por iso lles pedimos –non estamos só para facer crítica–, señor Touriño, que saia aquí a ofre-

cernos a súa colaboración para que o Plan Galicia sexa solidariamente cumprido polo Goberno socialista de Madrid. Pedímosllo por favor, sendo maioría; queremos que nos axuden. Queremos que sexan partícipes. Vostedes, que falan moitas veces da solidariedade, pedímoslles que sexan solidarios, non con nós, non co Goberno de Galicia, non co grupo maioritario, que sexan solidarios con Galicia e cos galegos, ¡fágano, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Esta favorable situación –como lles estaba dicindo– ten o reflexo no que aumentou no ano 2003 –en canto á situación dos fogares, das casas de todos nós– o diñeiro do que dispoñen as familias, que foi nun 8,41%, e situámonos nos 1.554 euros ao mes de ingreso medio por fogar. Esa é a situación real neste momento. E para quen teña algunha dúbida, eu quero lembrar o que dixo non hai moito –que supoño que vostedes o len, ou deben de facelo– o señor ministro socialista de Economía, o señor Solbes, nunha comparecencia no Congreso, hai tres meses aproximadamente, respecto da nosa comunidade. E voulles recordar o que dixo: *“No hay a priori una relación causa-efecto sobre el paro del sector primario después del Prestige, ya que el porcentaje de parados en el sector agrario respecto al total fue inferior en el 2003 respecto al 2002”*. O titular de Economía e Facenda declarou: *“Nos encontramos con que Galicia se encuentra en el proceso de la reducción de la tasa de paro con una perspectiva temporal máis amplia de la que proporcionan los datos de la EPA”*. O señor Solbes engadiu que a nosa comunidade pasou de taxas de paro do 20% en 1994 ao 12% entre o 2002 e o 2003. Galicia pechou o exercicio 2003 cun saldo positivo de 63 millóns de euros. Presentamos o mellor equilibrio presupostario do Estado. As exportacións galegas bateron todos os rexistros no 2003, con 10.000 millóns de euros, e Galicia sitúase na quinta comunidade en exportacións do Estado. (*O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

Por certo, señor Touriño, nós estamos totalmente en contra, por suposto, da proposta federalista asimétrica que fai o señor Maragall –ademais, por certo, apoiado polas minorías radicais–, que, curiosamente, non comparte practicamente ningún dos presidentes autonómicos do Partido Socialista que gobernan en España. Non vou agora ler o que di o señor Ibarra respecto do señor Maragall, porque non é este o momento –todos sabemos ler–, pero, curiosamente, o señor

Touriño pronunciouse –supoño que no nome de todos os socialistas galegos– a favor do federalismo asimétrico do señor Maragall. Á parte de que poida apuntarse ao que lle dea a gana, sabe todo o mundo que apuntarse a esa tese nunha comunidade como a nosa –como lle pasa a Andalucía ou como lle pasa a Extremadura, a Castela-A Mancha, a Murcia, a Castela-León, a Cantabria ou a Asturias– significa automaticamente meter na ruína máis profunda a nosa comunidade, cunha perda de ingresos notable. Favorece as desenvolvidas. E por iso, o señor Maragall, o máis insolidario de todos os que hai neste momento no Estado español, pode defender esas teses. Pero que alguén, que saíu aquí a ler o seu programa... Por certo, non falou do federalismo asimétrico, señor Touriño. Tanto proxecto..., diga aquí cal é a súa previsión económica respecto dese futuro, xa que nos leu o programa utópico de algo que xa lle direi despois como non vai acontecer nunca –pero, ben, por iso seguramente di esas barbaridades–. Diga aquí cal é a súa posición, desde o punto de vista económico, sobre como pode afectar o federalismo asimétrico á nosa comunidade se se aplica aquí ese criterio. Porque, se non, a verdade é que nos ten vostede profundamente desconcertados.

Por outra banda, cando aquí se fala desde Galicia, dígo-lle que nós aspiramos a acabar precisamente coas desigualdades e queremos a solidariedade interterritorial. Temos un proxecto –que o defendeu sempre o noso presidente–, e aspiramos incluso a moito máis que á Conferencia de Presidentes, que xa propuxera –como dixeran antes– o noso presidente. Nós propugnamos unha reforma da Constitución –pero sen abrir un proceso constituínte, condicionada a un consenso amplo, que facilite a reconversión do Senado na cámara de representación das comunidades autónomas, a participación das comunidades no Consello Económico e Social, no Foro Europeo, e máis medios para exercer máis competencias, a reforma estatutaria, delimitar o ámbito institucional –nós falamos de incorporar algunhas institucións que non están no Estatuto actual–, e de reconsiderar as relacións co Estado e con outras administracións.

A min gustárame que se nos aclarara como, por unha banda, o señor secretario de Estado actual, antigo membro desta Cámara, resulta que hai poucos días nos medios de comunicación dixo que non era necesario facer máis transferencias. Nunha carta que enviara ao Goberno de Galicia poucos días antes falaba de que estamos en negociacións e

preparatorios e que temos pendentes vinte e tres transferencias. A nós gustaríanos que se nos aclararan incongruencias desta índole porque, se non, significa que nun foro se traballa para a galería e noutro se exerce co pau duro, impedindo que poidan acadar as autonomías o que lles corresponde dentro do ámbito institucional e da negociación que hai que facer. Dígollo porque iso é o que se nos plantexou hai poucos días.

O modelo de financiamento que nós propugnamos susténtase nos principios de autonomía e de solidariedade, que é o que defende o señor Ibarra, o que defendía o señor Bono cando era presidente autonómico, o que defende o presidente de Aragón, o que defende o señor Areces en Asturias, e incluso o que defende o señor Chaves, non o que defende o señor Maragall. E por iso nós non imos admitir nunca –e que quede claro– negociacións bilaterais entre o Goberno e unha comunidade autónoma, nin unha reforma do modelo de financiamento que se basee nas chamadas balanzas fiscais, nin, por suposto, admitiremos ningunha diminución dos nosos recursos.

Galicia aposta pola creación dun ente tributario propio e por que as comunidades autónomas teñan representación na Axencia Tributaria estatal. Estas demandas enmárcanse no obxectivo de aumentar a súa capacidade de autogoberno e na creación dun espazo financeiro propio. O ente tributario propio xestionaría todos os tributos propios da nosa Comunidade Autónoma, e os cedidos, melloraría a eficacia recadatoria e permitiríanos loitar contra a fraude. Vostedes, señores socialistas, sigan co señor Maragall, apoiaron as súas teses e súmanse a un plan fiscal que provocaría perdas de fondos nada máis e nada menos que en dez comunidades autónomas do Estado, e boa parte delas baixo o Goberno socialista. Algún día aclararán con quen están de acordo, por iso eu réteo –que o fago sempre aquí, neste foro, porque é o sitio de facer os retos–, señor Touriño, a que diga cal é o modelo que vostede segue: se o que dixó, se o que din os seus compañeiros, se algún que quere inventar vostede ou algún que non existe, porque, como vostede vai ter moi poucas posibilidades de poder exercelo, pois pode dicir o que lle dea a gana. Esa é a súa circunstancia. (*Murmurios.*)

A reforma que vostedes propugnan –cando digo vostedes refírome ao señor Maragall e ao señor Touriño– provocaría un desequilibrio completo –digo o señor Maragall e o

señor Touriño porque así o dixerón; eu non estou inventando nada, e, se non, rebátao aquí, pero eu estoulle dicindo o que vostede dixó, e que conste que a nós nos sorprende que vostede estea de acordo coas teses do señor Maragall, pero ese é o seu problema, alá vostede coa súa teima, siga por aí–. E fronte ao seu modelo insolidario, nós propugnamos –xa o dixen, e repíto– solidariedade interterritorial, como propugnan tamén os seus compañeiros, a maioría dos seus compañeiros. E tamén desde aquí, desde Galicia, propoñémoslle ao Estado que se estude a incidencia da idade de poboación, a súa distribución territorial, non só polo censo, no modelo de financiamento económico, xa que entran outros factores.

Galicia perde na súa liña de converxencia con España e con Europa porque houbo quen se encargou de cargarse o maior programa de infraestruturas da nosa historia. E volvo, señorías, señor presidente, á gran preocupación que temos neste momento, que é o Plan Galicia; un compromiso de Estado que continúa actuacións, que continúa datas, que continúa orzamentos e que continúa prazos de execución; un ambicioso plan que contemplaba todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma e un plan que para vostedes, señor presidente, para os señores socialistas, xa non tiña importancia no pasado mes de xullo cando no Congreso dos Deputados votaron en contra de priorizalo. Por certo, quero subliñar que onte, a pesar de vostedes, todos os grupos do Parlamento español –non o esquezan–, exceptuando o Partido Socialista e os comunistas de Izquierda Unida, votaron a favor e tiveron que *envainala*. Consecuentemente (*Interrupcións.*)... –perdón, por favor, señor Cerviño, interveña vostede cando lle toque–. Pero tiveron –repito– que *envainala* porque sinxelamente non lles quedou máis remedio, e hai que aplicar o criterio dos 1.561 millóns, que é o compromiso real e non a rebaixa que vostedes viñeron vender.

Primeiro, señor Touriño –vostede, que, co dos números, ás veces falla estrepiteiramente–, falou dun 40%, pero a realidade en canto ao plan é o 20%, xusto a metade, algo que para vostedes son minucias, porque do 20 ao 40% é *calderilla*. Total, uns centos de millóns de euros a vostede non lle repercuten. Consecuentemente, dígolle que os investimentos reais dos presupostos do Estado medran tan só un 20%, a metade do prometido e anunciado por vostede e o equipo de amplificación. Unha porcentaxe moi afastada do incremento do 37,2% rexistrado neste ano 2004, o 37,2%.

Cos seus insolidarios orzamentos para Galicia no 2005 cargáronse a confianza dun país. Vostedes chegaron a dicir que era un despropósito demandar 2.000 millóns de euros para infraestruturas en Galicia, e ata se desmarcaron –nunha actitude vergoñenta– do acordo deste Parlamento do 27 de xullo –recórdollo– entre o Partido Popular e o Partido do Bloque Nacionalista Galego, ao que lle agradecemos, loxicamente, na defensa dos intereses de Galicia, que nese momento foran solidarios, non con nós senón co proxecto de cumprimento do Plan Galicia e de demandar do Goberno central 1.559 millóns para a súa inclusión nos Presupostos Xerais do Estado para o 2005. De momento estamos en trámite parlamentario e, como sigamos por aí, e visto o que aconteceu onte, paréceme que incluso, á parte de que van quedar mal, non van ter máis remedio que poñer os cartos onde corresponde. ¡Alá vostedes se non o corrixen!

Vostedes, sen ir máis lonxe, pediron moito menos do 40% máis do asignado neste exercicio. E eu preguntolles, ¿onde están?, porque non cadran os números. A súa influencia en Madrid, señores do Partido Socialista, señor Touriño, é nula. (*Risos.*) E a súa palabra, se vostede dixo que era o garante do Plan Galicia, mire onde vai, mire cal era o Plan Galicia e cal é ese “planillo” que vostede presentou o outro día, porque é un “planillo”. Quedou reducido *al estilo jibaro*.

O seu flamante secretario xeral, que é un flamante secretario xeral, presumía –está aí escrito, e cito literalmente porque eu nunca cito unha palabra de ninguén que non sexa dita literalmente (*Interrupcións.*)–... Dixo o señor Blanco: “*Vamos a realizar un esfuerzo para acelerar el Plan Galicia este año. Iremos más allá del Plan Galicia*”. Tanto máis aló foron que se perderon, xa non se sabe onde se atopan. Por aló. (*Interrupcións.*) ¿Como quere que opine o pobo galego, e como temos que opinar os demais, respecto dos 2.500 millóns de euros que o Goberno do señor Zapatero pagou de xeito inmediato a Andalucía en concepto de débeda histórica? Pero, ¿que pasa? ¿Como pode vir aquí unha señora ministra a dicir que o Goberno de Galicia está obsesionado co tren de alta velocidade? ¡Señora ministra, que vostede o ten desde hai doce anos! ¿Como que estamos obsesionados? Mire, congratúlanos que en Andalucía teñan o tren de alta velocidade, que estaban moi atrás e agora van máis rápidos. Pero, por favor, se cumprindo os prazos serán dezaioito anos, cos prazos que propón a ministra, aproximadamente teremos

o tren de alta velocidade con vinte e dous anos de atraso respecto de Andalucía. Señora ministra, está ben que sexa andaluza, pero non tanto, ¡caramba!, que é a ministra de España, non é a ministra de Andalucía, ¡defenda os intereses de todos! E vostedes fanlle caso ao que di a ministra. ¿Que queren que opine o pobo galego de vostedes? ¿Que queren que opine? (*Murmurios.*)

¿Que temos que opinar dos 3.000 millóns de euros que vai investir o Estado en Cataluña, segundo recolle o Anteproxecto de lei de orzamentos? ¿É que aínda, segundo anunciaron os socialistas cataláns, non satisfan as súas aspiracións, nin as do Goberno da Generalitat, agardando que da negociación parlamentaria aínda saian algunhas melloras? ¡Son 3.000 millóns! Xa sei que a vostede non lle importa, señor Cerviño, o problema é Oleiros, siga alí.

E dígolles que marxinan de novo Galicia porque vostedes volven deixarnos na *cuneta*. E repítolles, non lles chegou o de 1982, señor Touriño, o de 1982 a 1986, con tanta responsabilidade como tivo vostede nesa etapa do Goberno socialista –porque formou parte daquel agónico e último goberno como secretario de Estado–, primeiro cando nos deixaron sen autovía, acórdense... (*Interrupcións.*) Si, claro que se fixo, rematámola nós, a obra máis importante é a de Pedrafita, que quedou *colgada*, con oito anos de atraso, por culpa de vostedes; quedamos fóra. E no ano 1994, señor Touriño, recorde que houbo un Plan director de infraestruturas ferroviarias no que vostedes os socialistas –vostede en singular–, que gobernaban en Madrid, dixeron: “*Inviabile la alta velocidad a Galicia*”. ¡Inviabile, fóra o túnel do Guadarrama! Ten trinta quilómetros, custa 300.000 millóns e está executado en máis do 50%. Non ao túnel do Guadarrama, non á alta velocidade. Galicia, unha vez máis, á tribo. Iso era o que vostedes dicían.

Non lles chegou. Estabamos no bo camiño, tiñamos un goberno solidario, aprobouse un Plan Galicia, só había que seguir o camiño, e vostedes, unha vez máis, déronlle o *hachazo*, cortárono, e impiden que ese camiño funcione. Pedímoslles unha vez máis solidariedade. (*Interrupcións.*)

Señor Touriño, en vez de vir ler o programa que teñen xa feito hai un montón de tempo, saia aquí a falar do compromiso da súa posición respecto a Galicia, ao que é neste momento o Plan Galicia e as grandes infraestruturas do

Plan Galicia. Saia aquí e dígaos, porque, se non, vostede, á parte de estar defraudándonos, está contando unhas milongas cara á galería pero non se está comprometendo no proxecto da nosa terra, no proxecto que temos, que foi aprobado polo Goberno de Madrid; nós non lles pedimos máis. Nós o que lles pedimos é que se cumpra o Plan Galicia, e non só llelo pide quen goberna, pídello tamén a minoría maioritaria. E cando o pedimos nós pídeo a maioría do pobo galego, a ver se se decatan. Gráveno, a ver se son capaces –que non o son, desde logo–. A súa obstinación, e sobre todo a súa frialdade, sen ser receptivos á problemática que ten Galicia, fai que pretendan unha vez máis tirarnos na *cuneta*. Pero con eses principios vostedes nunca van ser escoitados polo pobo galego, que sabe perfectamente quen os está defendendo e sabe quen está partindo da utopía e contando cuestións que non teñen nada que ver coa realidade, que están deturpando o que é o proxecto que ten que levar a Galicia cara ao futuro e que estaba neste momento cun presente esperanzado.

Puxeron incluso en dúbida –aínda que agora o van corrixir, porque, claro, o alcalde da Coruña, loxicamente, a pesar de vostedes, manda moito– a viabilidade do porto exterior da cidade da Coruña. Aí estivo bailando, que se Xixón, que se a Coruña... Aínda así, imos ver de onde saen os recursos. Pero, ben, houbo unha rectificación, non por vostedes, porque houbo unha persoa e houbo un apoio do Goberno de Galicia (*Interrupcións.*) para que xuntos, o alcalde da Coruña e o Goberno de Galicia, loitaran contra a insolidariedade de vostedes, que ¡manda chover na Habana! ¡Alá vostedes porque a lectura farase no lugar que lle corresponde! Xa falaremos dela.

Por outra banda, o mesmo pasa co porto de Ferrol. Están tratando de atrasar e de impedir que se remate, que se cumpra e que se fagan os accesos ao porto exterior de Ferrol, o que significa que entre os estaleiros, entre o porto exterior, etc., cando a comarca de Ferrolterra está iniciando o seu despegue despois dos oito anos de esforzo do Goberno do Partido Popular en España e do apoio incondicional, loxicamente, do Goberno do Partido Popular de Galicia... Porque nós, ¡ollo!, a diferenza de vostedes fixemos un plan ao mesmo tempo que o Plan Galicia do Estado. Nós nunca facemos que nos dean esa solidariedade os demais e nós quedar fóra do xogo. Nós contribuímos, cun gran esforzo do Goberno de Galicia, é dicir, de todos os galegos, cun plan de dinamización, ou sexa, o Plan Galicia pero da Xunta de

Galicia, que está cumpríndose ao cento por cento, a diferenza da postura e da actitude que están adoptando vostedes. Por iso lles digo que incluso estes días –eu dígolles a realidade, se vostedes queren estar de costas, ¡alá vostedes!–, hai aproximadamente dous meses, os galegos, nun 66,4%, se manifestaban pesimistas e dubidaban de que o novo Goberno asumira o Plan Galicia; un pesimismo que se mantiña a finais deste mesmo mes pasado, no que un 80% –máis aínda– dos galegos se pronuncian no senso de que o Goberno socialista de España incumpe o Plan Galicia, e aínda por riba din que nós enganamos a xente. ¿Por que? ¿En que? Dígano.

E, falando de compromisos, teño que referirme aos electorais incumpridos. O outro día, un compañeiro de vostedes falaba do compromiso, non de promesa –en palabras textuais–, a respecto da supresión da peaxe de Rande en seis meses. Non se solucionou absolutamente nada. Nós buscamos unha solución, que non é a mellor pero, polo menos, si paliamos unha parte importante da problemática que se plantexaba; loxicamente, poñendo o que fai falta, uns orzamentos para poder solucionar parte do problema.

E creo que non é o momento, pero si lle vou facer unha pequena crítica ao Bloque Nacionalista Galego. Eu quero recordar quen foron os que apoiaron ao Goberno do señor Zapatero en Madrid, os que o apoiaron, os que lle dixeron que si. E tamén supoñemos que neste momento os que lle teñen que dicir que non. De señor Rodríguez a señor Rodríguez, supoño que neste momento haberá que dicir o contrario do que se dixo nun momento determinado, se non, tereamos que consideralo tamén como unha traizón a Galicia, ao pobo de Galicia. Así que, polo tanto, alá vostedes na súa responsabilidade, teñen a pelota no seu tellado, ¡alá vostedes! (*Murmurios.*)

Eu non vou falar agora do sector naval en singular, pero si lles vou falar –e vou ir rematando, señor presidente– do que son neste momento os grandes agravios –e vou deixar algún para unha breve e rápida segunda intervención– que neste momento leva cometidos o Goberno Socialista de Madrid a través dos diversos ministros que se espallan por aquí. Repito, mellor é que desfilen cos modelos, aínda que non sexan precisamente unhas xoias; pero, polo menos, mentres fan desfiles non nos quitan o que é noso, non nos quitan os compromisos conseguidos con nós. Pero vostedes

pasan olímpicamente deses agravios, e non os vou dicir porque non me dá tempo e non quero que me chame a atención o señor presidente, porque nós procuramos ser pulcros inclusive cumprindo os tempos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pita.

Suspendemos por quince minutos esta sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, continúa a sesión coa resposta do señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas gracias, señor presidente.

Señor presidente, contesto con moito gusto aos discursos que acabamos de escoitar dos portavoces do Grupo Socialista e do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Teño que recoñecer que estou algo sorprendido, porque realmente o señor Touriño fixo un debate de investidura –ten que esperar aínda a ter ocasión de facelo–, como é natural, propoñendo o seu propio programa, e, naturalmente, o señor Beiras foi máis aló e fixo un debate constituínte. En definitiva, este debate non se celebra en condicións anormais, o que ocorre é que algúns aproveitaron a ocasión –non o noso portavoz, a quen felicito, porque falou dos temas do momento que teñen que ver cos que se plantexaron estes días– para presentarnos Jauja; unha jauja resumida do programa socialista último, xeral, o que, como é natural, ten o problema da credibilidade. E vou facer soamente tres referencias a este.

Teño aquí unha páxina do *Diario de Pontevedra* do ano 1992, do domingo 4 de outubro de 1992, no que di o señor Pérez Touriño, naquel momento secretario xeral de Infraestructuras: *Las autovías con la Meseta estarán finalizadas en 1995*. El pensa nun tempo diferente ao que pensamos nós, pois gracias a que houbo un goberno certamente eficaz e amigo en Madrid este rematou hai tempo con todos os problemas de Pedrafita e demais. Repito: *Las autovías con la*

Meseta estarán finalizadas en 1995. El MOPT pide cooperación en la expropiación de las tierras. Se quere o documento, teno aquí á súa disposición para a súa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)* Moi ben.

Segundo. Continuando coa credibilidade. Falouse nalgún momento dos lumes forestais. Este ano, que é o máis seco, sen dúbida, dos últimos cincuenta anos, van ardidadas 31.813,9 hectáreas, das que son superficie rasa 21.767. No mesmo momento do ano 1989 –non teño que recordarlles ás súas señorías que é o do tripartito– ían ardidadas 171.972 hectáreas. Fronte a 31.000, 171.000; eu creo que basta con esas dúas referencias.

Paso agora ao que é principal, como é obvio, ao Plan Galicia.

Falouse de que está medrando o presuposto. Eu sempre me acordo dunha historia que me contou Lord Home en Inglaterra, quen, cando deixou de ser lord para poder ser primeiro ministro, tivo que ir, como todos os sábados, contestar as preguntas dos electores, e había un que o volvía tolo. E dixo: Este señor fastídiame estas reunións, ¿a quen respecta? E díxéronlle: Soamente á súa muller. Entón, o sábado seguinte chegou Lord Home e díxolle: ¿Como está, querido amigo? ¿Como está a súa señora? E contestoulle: ¿A miña muller como está? ¿Comparada con que? *(Risos.)*

Ben, pois esta é a cuestión. É dicir, o presuposto xeral do Estado non hai que comparalo cunhas partidas ou con outras. Hai un acordo deste Parlamento no que si participou o Grupo Socialista, pero nunha proposición de lei de onte, na que PP, BNG, CIU, PNV, Coalición Canaria votan a favor, e na que se lle pide ao Goberno o diñeiro reclamado por Galicia, o PSOE e Esquerda Unida votan en contra. Esa é a credibilidade. Polo tanto, cando vostede nos fala de todas esas outras historias, xa comprenderá que a nosa dúbida é importante, para dicilo do modo máis suave.

Teño que dicir que a meirande parte das cousas que escoitamos nesas propostas, á parte de que non tiñan nada que ver co que estamos tratando aquí, esquecen por exemplo, no que se refire á declaración de bens, que foi unha das primeiras autonomías que estableceu un rexistro anual, que todos os galegos poden consultar, con todas as rendas dos cargos públicos. Esquece igualmente, e cítoa xa, un Conse-

llo do audiovisual. En definitiva, non se pronunciou sobre ningún dos temas do meu voluminoso discurso e da voluminosa documentación que presenteí. Fixo un resumo dun programa que non ten máis credibilidade que a que cabe atribuírle despois do que xa teño dito. E pouco máis teño que dicir, porque volvo indicar que, evidentemente, non ten ningunha credibilidade.

Señor Touriño, por favor, teña a bondade de saber que moitos dos temas que mencionou,... Iso si, por exemplo, no desprazamento aos hospitais neste momento, a través do transporte sanitario, os tempos medios a través do 061 son de 10-14 minutos en ambulancias asistenciais e de 17 nas medicalizadas no rural. E no urbano, de 10-11 minutos na asistencia urxente. (*Murmurios.*) Non, non, perdón, son datos exactos e sen dúbida de ningunha clase. Polo visto, cando eu falo é propaganda e cando falan vostedes non é propaganda. Pois perfectamente.

Si lle quero facer observar que todos os plans de saneamento das rías están aprobados, pero, se vostede os converte, sería bo que llelo advertise ás consellerías, porque nas reservas da biosfera non se podería pescar, nin producir marisco nin nada. (*Interrupcións.*) Perdón, lean a definición de reserva da biosfera, non ten máis importancia. (*Murmurios.*)

Ben, vexo que non teñen interese polo que digo e que o señor Rego segue alborotando sen ter concedida a palabra. ¡Adiante!

Paso á intervención do señor Beiras. Teño que dicir que cando estes días dicía que se alegraba porque era a derradeira ocasión que ía ter de medirse co señor Fraga, eu recordei os tempos nos que máis que medirmos eu procurei entenderme con el, como dous profesores universitarios que somos, cando el, recordando a boa relación entre as nosas nais, me leu unha carta da miña á súa dándolle un pésame, etc. Pero o que é absolutamente evidente é que, se alguén o acusou algunha vez de aburrir a xente, el non aburre nunca. Teño que dicir que o fai como Barrigaverde, iso si é verdade, el mesmo o mencionou.

De maneira que cando fala de globalización, de aznarismo, de política carpetovetónica, de contumacia, etc., eu creo que hai unha mestura aí de visión marxista, de excesiva con-

sideración do mercado, confundíndoo coa realidade. O que eu quero dicir é o que fixo o Partido Socialista no seu primeiro programa, que falou de 800.000 postos de traballo e o que conseguiu foron tres millóns de parados. A realidade é a realidade, e hai que poñer os medios, e os medios teñen que ver co conxunto das reaccións persoais, co conxunto das relacións de grupo das empresas, etc., e, en definitiva, esa é a razón precisamente pola que a versión nacionalista, na que el hoxe chegou ao máximo extremo, porque falou dunha Galicia lindando con España, con Portugal,... Para min, cando se fai Galicia, faise España, e cando se fai España, faise Galicia. Pero o que é evidente é que neste momento non hai unha clase económica dominante; ao contrario, nunca houbo tanta igualdade. Que o Estado social de dereito non foi destruído, como se di; ao contrario. Que a Constitución ten unha boa defensa efectiva nos tribunais e nos parlamentos nacionais. Eu teño a impresión de que a descrición da democracia americana que se fixo, se resucitara Tocqueville e a escoitara, quedaría asombrado, porque, como todo, ten defectos, e pódense cometer erros, pero seguramente é o país máis democrático do mundo, e non me negará que se vivía e se vive moito mellor do que se vivía na Rusia de Stalin.

En resumo, eu creo que neste momento non me dá a impresión de que estean medrando os votos do Bloque. A min dáme a impresión de que, cando se fala do *Prestige*, foi o Bloque –e ademais hai constancia diso– quen rexistrou o Nunca Máis e todo iso, etc., pero o resultado é que, ao final, foi unha grande compañía nacional, Repsol, sentando unha marca mundial, a que resolveu o problema, e realizouno por primeira vez a máis de 3.000 metros de profundidade, por iso, gracias a Deus, neste momento eu escoito falar de exceso de recursos pesqueiros. Hoxe mesmo escoitei a un do xurel e resulta que o xurel está baixo de prezo porque hai moito. Nunca se colleu tanto bonito como este ano, e así sucesivamente. Polo tanto, teño a impresión de que está a falar...

Nun certo momento referiuse a que eu, co meu estilo cortés, intervín en determinados asuntos. Menos mal que mo reconece, non é o máis frecuente –hai que reconecelo– no señor Beiras. En definitiva, eu creo que neste momento falar de contraponer os cancioneros cos cantares de xesta é perder o tempo. Por certo, que o castelán foi un invento dos vascos, recoñecendo que co seu idioma marabilloso –que me

chamo Iribarne— xa non se podía funcionar nos tempos modernos. É o latín falado polos vascos, efectivamente, por iso é a máis moderna e a máis estendida das linguas romances da Península.

En resumo, e para rematar, pregunta o señor Beiras: ¿De que lle valeu a Galicia a autonomía? ¿De que lle valeu a fortaleza de San Caetano? Pois eu creo que non hai etnocidio de ningunha clase, que estamos a mellorar en todas as ordes, que calquera que vén a Galicia se dá conta de que é a Galicia das autovías, das vías rápidas, a Galicia dos novos hospitais, a Galicia das novas universidades, de todo iso que aquí se mencionou como se non existira. E, por certo, xa se falou na cultura galega de que este ano pasamos dos míticos 1.000 libros en galego; e a TVG, dirase o que se queira, pero é a mellor de todas as televisións de linguas autonómicas e contribúe profundamente á mellora da situación.

Polo tanto, señoras e señores deputados, entendo que non houbo debate sobre o estado da Autonomía. Entendo que se está preparando unha campaña electoral na que, naturalmente, o pobo galego volverá dicir o que pensa. Eu confío en que sexa a favor dos que fixeron e non dos que falaron e insultaron.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, presidente.

Rolda de réplica dos distintos grupos parlamentarios.
(*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señorías, señor presidente.

Señor Fraga, o seu discurso e a propia réplica que acaba de producirse reflicten un presidente ancorado no pasado. Citas do ano 1989, do ano 1992... Vostede forma parte desa Galicia que mira atrás e que é incapaz xa de proxectar o futuro e mirar cara adiante.

Foi un discurso que, por outra parte, eludiu puntillosamente, puntualmente, falar daquilo que sabe toda Galicia: da profunda crise na vive o seu goberno, o Partido Popular, a Presidencia do país. A crise política, a crise do seu goberno

e do seu partido, señor Fraga. Porque, certamente, se existe ou non existe crise non nolo ten que contar a nós, se é que vostede non quere, preguntello vostede ao seu grupo parlamentario e ao seu propio Goberno. Mais concretamente, hai que dicir as cousas polo seu nome, preguntello vostede, señor Fraga, ao conselleiro de Pesca do seu Goberno, o señor López Veiga, que hai escasos días formulaba unha grave, moi grave, acusación falando de corrupción e de enriquecementos paralelos. Un membro do seu Goberno ao que vostede aínda non reprobou, non recriminou nin rectificou. Iso evidencia —e sobran as palabras— a gravidade da situación na que está metido este país.

E por iso eu no debate, na rolda de intervención da primeira hora da tarde, falaba dunha situación insostible e da necesidade imperiosa e urxente dun programa de renovación da vida pública, de renovación do país, de modernización e de cambio. O cambio é imparabile, señorías, e por iso presenteí un programa para o cambio, porque creo honestamente, desde a alta responsabilidade que teño contraída e que ten contraída o meu partido con este país, que é o momento de dicirlle con tranquilidade, con seguridade e con confianza, con optimismo, con esperanza, a Galicia enteira, que hai alternativa, que hai futuro, que hai un cambio posible e un cambio seguro neste país, señor Fraga.

Fixo vostede un discurso de final de etapa, un discurso dun goberno que está de despedida, que se traduciu nunha aposta polo inmovilismo, polo continuismo; sen complexos, iso si. Vostedes non teñen complexos á hora de situarse na inmovilidade e na pura continuidade do feito. Pero mire, señor Fraga, despois de gobernar neste país tres lustros, quince anos, que son moitos anos, e de gobernar con maioría absoluta, non ten credibilidade a estas alturas ese catálogo de ofertas que fai para os últimos meses. Parecen, falando coloquialmente, pero como fala o noso pobo, rebaixas de verán, gangas de fin de temporada.

Non pode vir, con seriedade e con rigor, o presidente da Xunta de Galicia ofrecer isto no nome do grupo parlamentario maioritario da Cámara, tras quince anos de goberno, nun país que ten as taxas de precariedade no traballo máis altas de España, nun país que ten tres puntos de media de taxa de paro máis alto, nun país no que as mulleres están condenadas a unha baixísima taxa de actividade, nun país no que os mozos e as mozas teñen grandes e serias dificultades para

emanciparse, para poder formar a familia no modo que queiran, para poder desenvolver o seu proxecto vital. ¿Por que? Porque é moi difícil atopar un emprego; porque é practicamente imposible, en termos razoables, chegar a ter unha vivenda protexida ou a un prezo de aluguer razoable; porque é imposible, realmente, tomar unha opción razoable de futuro; e iso que tanto lles preocupa ás familias deste país non pode vir vostede, a escasos meses de rematar a lexislatura, corrixilo todo pola vía de vir propoñer promesas para as que agora xa non teñen crédito, xa non teñen posibilidade real de realizalas, pero si tiveron anos e anos, décadas de acción pública, para plantexarse tan nobres e tan necesarios obxectivos.

A vostedes tócalles renovarse, facer a transición política desde a oposición. Esa é a democracia, señorías, esa é a democracia, a alternancia, e este país necesita ar, luz, ventás abertas, mirada ampla cara ao horizonte e cara ao futuro, dando oportunidade a que xeracións novas, a que outros dirixentes, a que outras xentes, a que outros partidos, a que outra maioría, lle ofrezca o que hoxe ofrecín aquí, unha alternativa clara e nítida de goberno en torno a uns eixes que terei ocasión –espero– de volver reiterar.

Mire, señor Fraga, hai outro goberno noutro país, un goberno que acaba de gañar as eleccións co apoio maioritario, un goberno socialista, o Goberno que preside José Luis Rodríguez Zapatero. Ese goberno saído das urnas, co apoio máis inmenso en termos de votos de cidadáns que nunca tivo un goberno na democracia neste país, acaba de abrir –non vostedes, non o Partido Popular, non vostede, presidente Fraga, senón o Goberno socialista, gústelles ou non lles guste– un novo tempo político para o Estado das autonomías, para o diálogo e para o impulso e o perfeccionamento da Constitución e dos estatutos de autonomía. E vostede acaba de ter a oportunidade, por primeira vez en moitos anos, por primeira vez en democracia –corrixo–, de poder asistir a un cumio bilateral fronteirizo xunto cos outros presidentes que teñen tamén fronteiras con Portugal. E hoxe, aínda hoxe, o presidente Zapatero anuncia que os conselleiros autonómicos poderán participar nos consellos de ministros sectoriais da Unión Europea. O que nunca puido ser, agora pode ser porque hai un goberno que entende a España plural. E durante oito anos, señorías, neste país sufrimos e padecemos un Goberno do Partido Popular do que vostede –e hónrao– é o presidente fundador, honorario, o gran presidente, o gran

timonel, que durante oito anos declarou anatema a España plural, declarou anatema que puidéramos participar nas conferencias e nos consellos de ministros da Unión Europea, que fixo o imposible para permanecer inmóbiles nunha España que non é a que quere a maioría dos cidadáns deste país, como acaba de ser demostrado. Polo tanto, non se colgue vostede medallas que non ten, señor Fraga, só é a realidade política que se abre a que dá as posibilidades para o que agora facemos.

Vén vostede aquí e fai unha apelación, unha vez máis, baleira, retórica, vaga e etérea ao diálogo e ao consenso para a reforma do Estatuto de autonomía. E, mire, eu téñolle que dicir algo con claridade, vostede, polo de agora, non fixo unha soa proposta nin ma entregou por escrito cando tivemos a conversación sobre este tema, non fixo vostede aínda unha soa proposta desenvolta, seria e rigorosa, que se sosteña nun papel tan sequera, sobre a reforma do Estatuto de autonomía. Aínda non a coñecemos. Nin tan sequera hoxe, no último debate do estado da Autonomía desta lexislatura. Non a fixo, señor Fraga. Iso si, fixo unha apelación vaga e retórica, pero iniciativa concreta ningunha, como a que eu plantexei hoxe á tarde aquí, definida nos seus puntos fundamentais e que está presentada nesta Cámara.

E, por outra parte, falan vostedes de diálogo, de consenso,... En fin, consenso de papel, de cartón-pedra, porque á hora da verdade os seus conselleiros, os membros do seu Goberno, boicotearon a preparación da Conferencia de Presidentes o 20 de setembro en Madrid seguindo a consigna do Partido Popular de Madrid. E boicotean as conferencias sectoriais dos consellos de ministros aos que son convocados tamén seguindo as consignas do Partido Popular de Madrid. Esa é a súa oferta de diálogo, señor Fraga.

E digo máis, este partido –e sábeo toda a cidadanía e a Cámara pola miña boca, como representante– leva desde hai anos dicindo na Cámara que é necesario, desde o consenso, desde o necesario diálogo, ir á reforma do Estatuto; unha reforma que nos permita poñernos á altura dos novos tempos e das novas demandas; unha reforma do Estatuto que nos permita mellorar a cohesión social e a cohesión territorial do noso país; unha mellora do Estatuto que nos permita máis calidade de vida para os cidadáns, mellores servizos e máis dereitos para o noso país, para a nosa nación. Pero iso, que hai que concretalo e que o están concretando en todas as

cámaras das autonomías do país, señor Fraga, nunha ponencia parlamentaria, para que poidamos falar entre os grupos e establecer os consensos necesarios, vostede négao, pero aínda non sei por qué, é hora de que o explique nesta Cámara. ¿Por que vostede impide, vota en contra e nega –o seu grupo parlamentario e vostede desde a Presidencia– que se constituía nesta Cámara unha ponencia parlamentaria –igual que en Cataluña, igual que en Andalucía, igual que en gran parte das cámaras do Estado– para ir avanzando no necesario consenso e diálogo na reforma do Estatuto?

Polo tanto, deixémonos de apelacións porque non se pode escribir nunha barra de xeo, hai que escribir de verdade, dar pasos adiante. O tema é grandemente importante e non o estou utilizando aquí desde unha crítica partidaria, estouno utilizando aquí desde a responsabilidade de saber que Galicia non pode quedar atrás e de que, con maiorías ou minorías cambiadas no Parlamento, teremos que encontrar unha senda de concertación, de acordo e de diálogo. E sabe ben a Cámara que o Grupo Parlamentario Socialista estivo e estará disposto ao maior dos esforzos necesarios para que a reforma do Estatuto alumee un país con máis posibilidades no exercicio do seu autogoberno, na mellora da calidade democrática e no servizo á cidadanía. Aí imos estar, sen medos, sen posicións de partido ou partidarias –enténdase ben– e coa mellor das disposicións. Creo que é necesario facer esta apelación razoable, e gustárame que mañá, na votación das propostas de resolución, puidéramos entre todos acertar a constituir esa comisión ou ponencia que nos permita poñernos en marcha. Iso si sería diálogo, señor Fraga; esa sería vontade de diálogo pola súa parte, e non o que ofreceu.

Falaron vostedes, e falou vostede, do Plan Galicia, dos presupostos, etc. Mire, imos ir por partes. Os presupostos do Estado non cabe dúbida de que son malos para vostedes e de que vostedes os valoran negativamente e os vituperan. Eu teño a convicción de que os presupostos do Estado de 2005 son malos para vostedes pero son bos para Galicia e para os galegos; son bos para os douscentos mil pensionistas que por primeira vez en moitos anos van ver subidas as pensións de forma moi importante; son bos para os estudantes e as súas familias, aos que o Goberno Socialista acaba de subir de forma notoria as bolsas; son bos para a política de vivenda; son bos, en definitiva, para poder mellorar de forma substancial as condicións sociais de vida das galegas e dos galegos.

Serán malos para vostedes, pero son bos para os grandes proxectos estratéxicos e de infraestrutura pendentes neste país.

Mire, eu rétoo, presidente Fraga –ou retiro a palabra reto–, eu solicito que compareza e que diga se en vinte e cinco anos de democracia existiu un presuposto coma o que acaba de presentar o Goberno socialista. Miren vostedes aqueles presupostos nos que de media, durante oito anos de Goberno do Partido Popular –son moitos anos oito anos, ¿verdade?, dúas lexislaturas completas–, se investiron 640 millóns de euros. Agora non lles gustan, cando se inviste exactamente o dobre: 1.250 millóns de euros. É moita diferenza, señorías, é un crecemento realmente espectacular. De 640 millóns de euros –está aquí a columna, ano a ano, que o contradiga quen mo poida dicir; que o conselleiro de Economía ou quen queira suba á tribuna e diga que non son verdade as cifras de investimento do Goberno do Partido Popular durante oito anos–, o Goberno Socialista, no primeiro ano de goberno, duplicou a media de investimento de oito anos do PP.

En investimento per cápita estabamos no 2003 dezasete puntos por debaixo, no 2004 –o ano do *Prestige*– sete puntos por debaixo en termos per cápita. E daquela Galicia dicía, con razón, “estamos discriminados”. ¿Por que aos galegos se nos trata como cidadáns de segunda por parte do Goberno Popular e estamos por debaixo da media en investimento per cápita? Agora estamos once puntos por enriba, pero a vostedes, o que antes aplaudían a rabiar e lles gustaba, agora lles desgusta e adoptan unha posición negativa.

Eu entendería que tiveran a posición que eu podo ter, a posición razoable de que todos queremos máis presuposto, de que nos gustarían máis e mellores presupostos, iso sería razoable. Pero non entendo a posición defensiva, demagógica, que non se sostén coas cifras. Miren, non quero cansalos neste debate con cifras, pero non é posible nin é razoable que un Goberno, unha maioría, que antes dicía que estaba garantida a alta velocidade con a penas 74 millóns de euros de investimento, agora que se poñen 258 millóns de euros, é dicir, cerca dun 250% máis, diga que é cando está en risco Galicia, o Plan Galicia e o tren de alta velocidade. Señorías, non se sostén a súa análise. E, mire, dígolle máis, con todo respecto, presidente Fraga: pásoselle o arroz. Vostede xa non está en condicións políticas de conseguir nada en Madrid, nin tan sequera tivo a ambición e a capacidade nece-

saría que tivemos que exercer outros no seu nome para pelexar e para que estes presupostos viñeran aquí. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Esa é a realidade, señor Fraga, non é vostede o que está en condicións.

Conclúo, señorías, dicindo o que dixen no inicio da miña intervención. Estamos diante dun proxecto político esgotado, dun goberno paralizado, dun partido roto e dun presidente sen ambición. É un goberno ao que lle pasou xa a data de caducidade, e Galicia necesita dun programa de renovación, de modernización e de cambio; un programa alternativo e unha resposta alternativa dun cambio seguro e dun cambio tranquilo; un goberno próximo e eficaz, que impulse a renovación da vida política neste país; un goberno que vaia a prol dunha sociedade cohesionada e segura, cunha nova axenda social que poña no frontispicio e no centro da prioridade as novas necesidades das persoas e das familias.

O progreso económico ten que estar baseado na innovación, na educación, no traballo e na investigación. A sociedade do coñecemento é a sociedade do futuro. O mellor de Galicia é a súa xente e a súa capacidade emprendedora, e precisa un goberno que sexa capaz de impulsar ese proceso de renovación e de cambio, de reforma, no Estatuto de autonomía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURÍÑO:... para ter todos máis capacidade, máis peso político e mellor calidade de vida; un goberno, en definitiva, que sexa capaz de estar á altura das circunstancias que Galicia demanda e necesita.

Eu creo en Galicia, cremos neste país, no seu extraordinario potencial, nas súas grandes capacidades e na súa madurez. Non lles caiba dúbida de que entre todos virá Galicia a un tempo novo; unha Galicia na que haberá un proxecto de cambio e de renovación xurdido da maioría da vontade dos cidadáns.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

(*O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Este non é un *charlamento*, señor Rego.

Señor presidente, entre os documentos que teño repartidos figura este no que están todas as propostas sobre a reforma do Estatuto, que foi repartido onte, de modo que algúns teñen que volver á escola, polo visto.

Teño que dicir que falar neste momento de crise do partido é saber que un non di a verdade. Crise do partido houbo cando as diferencias entre Prieto e Largo Caballero (*Risos.*) nos levaron ao ano 1934 —espere un momentíño—. Crise de partido haina cando di a ministra de Cultura que vai prohibir as rebaixas aos libros e ao día seguinte ten que desdicirse (*Murmurios.*). Crise do partido haina cando di o presidente do Goberno que vai resolver o problema dos estaleiros e miren o que está pasando na televisión estes días, en grupos que non son precisamente do Partido Popular. Polo tanto, imos falar en serio.

Teño que dicir con toda claridade que o señor Veiga falou en filosofía do dereito, e tamén ten dereito a facelo, e teño que dicir que non acusou a ninguén, e se algún se dá por aludido, alá el. Pero teño que dicir que teño un gran conselleiro de Pesca e penso conservalo.

Terceiro, cambio. Volvo ao mesmo: se sae con barbas, San Antón, e, se non, *la Purísima Concepción*. (*Risos.*) Pero teño que dicir que por iso contei a historia de Lord Home que el me contou a min: ¿comparado con que? O Plan Galicia é o que queren os galegos neste momento, e é evidente que, neste momento, dos 1.559 millóns de euros, o 58% non ten consideración presupostaria, e ese é o problema. Como consecuencia, nin autovía do Cantábrico, nin a do eixo atlántico, nin a de Ourense, e deuse o caso, por primeira vez que eu saiba, nos últimos anos, de que a señora ministra de Fomento anulou licitacións xa feitas pretendendo que eran para gastos máis extraordinarios. Pois máis extraordinario que o Plan Galicia, evidentemente, despois do *Prestige*, non había nada.

Cando se fala de vivenda, por exemplo, é evidente que Galicia, co Programa de Hipoteca Xove e a bolsa de aluguer,

pioneira en España, cunha subvención do 30%, está en cabeza, pero realmente hai que ler o DOG. E neste momento preocupápanse profundamente a constante referencia a datos que non se compulsan. Eurostat, na Europa dos quince, di que Galicia creceu o 10,5; Cantabria o 9,7; Canarias o 8,1; Andalucía o 6,1; Valencia o 6,1; Estremadura o 5,5; Castela-A Mancha o 5,1. Son datos oficiais e aí están.

E, finalmente, estes días en cousas pequenas, pero hai nais que as len, o PSOE votou en contra da petición do noso partido de pedir a gratuidade para as próteses bucodentais en anciáns, menores de 15 anos e discapacitados; e votou tamén en contra da proposta para recoller as axudas sociais, na Comisión de Sanidade, para que os comedores escolares cumprisen coas dietas sen gluten dos celiacos. Esa é a súa visión social, señor Touriño. E teño que dicir, polo de agora, que vai ter que seguir aturando o home que vostede considera desaparecido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Rolda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Aínda que os servizos técnicos, non as persoas que están nos servizos técnicos, senón o redeseño dos servizos técnicos ou da loxística técnica desta Cámara, parecen empeñados en que isto se converta nun *round* de boxeo –porque puxeron xa aí o reloxo visible para todos–, a verdade é que o que está acontecendo pon de manifesto que este debate desde onte se converteu –no que depende do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular, da Xunta e do seu presidente– nun trámite que hai que despachar canto antes de calquera maneira, e listo.

E dado que, polo tanto, iso é así, e que o señor presidente non entrou en controversia comigo –quero dicir coas miñas ideas, coas miñas teses, coas miñas análises–, e dado que ademais eu non son actualmente candidato á presidencia da Xunta –polo tanto, non estou formalmente en aspiración a sucedelo a vostede, por alternancia–, non se dan as condicións elementais para que eu poida entrar nun corpo a corpo,

sexa de abrazos ou de puñadas dialécticas con vostede. Non hai chicha. Está claro ¿non?

Pero si que, en troques, penso que hai unha ocasión de poder continuar un pouco as miñas reflexións, a ver se acabo de facerme comprender nalgúñas cousas; porque, se digo “a ver se acaban por entenderme”, pode parecer entón que o que pasa é que eu explico moi ben e vostedes non entenden. A ver se son capaz de facerme entender. O señor presidente, das poucas cousiñas que dixó sobre a miña intervención, dixó: “Hai ideas marxistas”. Vostede sabe perfectamente, señor Fraga, que o que hai na miña intervención son ideas, e iso é o que molesta, para empezar –non só a vostedes, talvez menos a vostede ca ao seu entorno–. Pero non só, porque é perigosísimo ter e expresar ideas nunha sociedade onde a política está convertida no que acabamos de presenciar aínda hoxe mesmo por segunda vez. Como aquilo que dicía Valle Inclán: “*España es un corral nublado*”, no esperpento. Non era unha cuestión literal, era unha metáfora de esperpento. *La corrala*. Na clásica España dos austríacos sabíamos o que era, ¿verdade? Un lugar onde se desempeñaban, onde se desenvolvían, aquelas cousas de teatro.

Pero, ademais, o que hai son ideas. E, desde logo, vostede non é precisamente un “marxólogo”. Cando vostede di que hai ideas marxistas ou non, tómeo todo o mundo a beneficio de inventario, porque non é precisamente unha das súas especialidades. Vostede tivo moitas especialidades, incluso na súa área de profesor catedrático de dereito político, pero precisamente non foi nunca un marxólogo. Polo tanto, farei algunhas reflexións, simplemente.

Unha frase que vostede dixó tómoa como que efectivamente deu vostede no cravo. Decía: “Beiras fixo un debate constituínte”. Esa é unha. Outra: “Estilo cortés”. Vostede soubo darlle a volta ao que era un sarcasmo pola miña parte sobre o seu estilo cortés cando dixó aquilo de que eu “aburría as ovellas”; porque o dixó, está nos medios de comunicación, e os medios de comunicación menten moito, pero ás veces non poden. E está aí.

Vou tirar un pouco do fío deste par de cousas, e logo, se dá tempo, de Galiza e do futuro, do que non se está a falar aquí. Láméntoo moito. Non se está a falar de Galiza e do futuro. Porque falar do futuro de Galiza non consiste simplemente en dicir que se ten talismáns para resolver no futu-

ro todo, senón expresar as ideas que diagnostican as doenzas da patoloxía actual e enunciar o repertorio de medios terapéuticos para resolvelas. Vostedes non fan nada diso. Todo está ben, todo está ben, todo está ben... Incluso vostede está magnificamente. O seu conselleiro e portavoz hoxe na prensa dixo que estaba en situación inmellorable, mellor ca en toda a súa vida. ¡Ben, don Manuel! Poñen en perigo a súa existencia os seus colaboradores, porque igual o obrigan a facer outro *tour de force* físico. E eu non son capaz de aturar dúas horas falando á miña idade neste momento.

Recordo perfectamente cando foi a moción censura aquela das vacas tolas, que falei dúas horas e media. Cando estaba chegando ás dúas horas dixeran: “¡Uy, *Joselito, quieto!*”, ollo que empezas a... Tiña que empezar a dosificar a miña enerxía nerviosa, e non levo unha vida tan maltratada como a que leva vostede; a gusto, pero...

Imos entón a esas dúas ideas. “Beiras fixo un debate constituínte”. Vostede falou onte máis de media hora da Constitución, só que non para enfocar dinamicamente a Constitución senón para manter que non hai que tocala. Si, si, si, *reformitas en la Constitución, en el Senado; por lo visto, café para todos*. Murcia e Galiza son iguais. En Murcia existe un idioma, Murcia foi reino suevo entre o século III e o século VII; Murcia, que precisamente nin era dos países cataláns nin Al-Andalus. Esa era a definición de Murcia. ¡Con todos os respectos! Pero a ver se entenden dunha vez –e esta vez si que digo “a ver se o entenden”– que os dereitos cívicos son individuais, como cidadáns, e colectivos, como formando parte dunha comunidade que ten unha identidade que a deu a historia, unha cultura, etc. Un cidadán que forma parte dunha comunidade que, coa denominación que teña, chámese Estremadura ou chámese Murcia, non foi forxada pola historia como identidade nacional non é menos ca un cidadán galego. Pero é iso, que non é igual. E tratar igualmente aos desiguais é a principal arma para violentar e rebentar a igualdade en democracia.

Nos debates aos que vostedes nunca van, e aos que nós imos –Foro Social Mundial, Foro Social Europeo..., non sei se poderei ir ao de Londres dentro duns días, lamentareino–, unha das cousas que se están dicindo é que a igualdade é un principio que hai que restablecer. Pero, precisamente, sabendo que a igualdade só se pode establecer asumindo o respecto á diferenza. A igualdade significa exercer desde a

diferencia, e iso chámase “articular” e non meter nun magma. Os cidadáns non son lava, señor Fraga, non pode ser. Cando os cidadáns se consideran como lava, un acaba dicindo aquela atrocidade que vostede dixo hai trinta anos: *La calle es mía*. E é por unha deformación óptica da maneira de entender o que son os cidadáns. E sei perfectamente que vostede hoxe non o diría. Pero eu non teño ese problema. Teno vostede, non eu.

E cando falamos de cortesía, cando eu aceptei o diálogo institucional, non dixeran que tomara a iniciativa. Tampouco dixeran: “Teña moito coidado co que lle contan os seus responsables de prensa”. Eu non dixeran que me alegraba de ter ocasión de ter un último debate con vostede. Non dixeran semellante cousa. Tamén saíu nos medios que eu na miña intervención de hoxe ía centrarme en Izar. Que digan o que queiran. ¡Eu non dixeran palabra!, non soltei prenda do que ía dicir hoxe. E o texto do meu discurso non foi coñecido máis que pola miña secretaria, o meu “cerebro”, que se chama Isabel Torres, ata un cuarto de hora antes de empezar este debate. ¿De acordo? Non se fie vostede. Recórdolle aquela anécdota que contaron de vostede. Había xente nos anos sesenta que ía ver as cousas, que lía nos periódicos que había pantanos e que había non sei que, e resulta que non era así. E seica vostede lles dixera: “*Menos viajar y más leer los periódicos*”. Pois menos ler os periódicos e máis viaxar, señor Fraga, incluso dentro do seu propio *entorno*.

Cando eu fixen aquilo, tiveran que afrontar as críticas cidadás que non me entendían e que me recriminaban que eu dialogase con vostede. E, ¿sabe por que? Porque eran cidadáns que eran demócratas e de esquerdas. E recriminábanmo, ou non o entendían, porque non podían entender que eu dialogase con alguén, que era vostede, que para eles representaba a antítese da democracia, da esquerda e do progresismo. É verdade, e iso ocorre na sociedade. De maneira que, cando un demócrata fai o que eu fixen, arrisca. Vostede non tiña nada que arriscar. E esa é unha realidade obxectiva. Non vaia vostede pensar que neste país e *en el universo* é un paradigma de demócrata. E non vaia tomar a xenerosidade dos demócratas polo que ao final vostede está afeito a que sexa a esencia das relacións que se teñen con vostede, que é a vasalaxe. ¡Todos e todas! ¡Vasalaxe!

E o espectáculo de onte foino, e hoxe tamén. Non, a vasalaxe é na sociedade feudal, señorial e medieval; e os foros en

Galicia foron redimidos, nin sequera abolidos, en 1926 cunha lei –e tiveron que pagar os labregos as terras–. Con todo, séguese aplicando o principio do forista e do foreiro cando hai eleccións. O foreiro fai o choio e vén o forista e leva os votos. ¡Precioso!

Polo tanto, teña en conta que hai que ser moi xeneroso para demostrar as conviccións democráticas de que o país está por riba de todo, que os cidadáns están por riba de todo. E a idea que haxa de un hai que arriscala se está en xogo o país. O que non pode ser é que se converta nunha fraude. E vostede sabe perfectamente que, desde o mes de xuño de 2002, vostede estaba atrancado nas posibilidades de obter a posta en marcha dalgún dos compromisos que tiñamos concluídos. Sábeo perfectamente. E as paredes da residencia de Monte Pío –non do Montepío da residencia– son testemuñas. Naturalmente eu nunca fixen uso público de ningunha das confidencias que vostede fixo, e non o vou facer aquí. ¿Estamos? Pero falemos claro. ¡Falemos claro! Non teño hipotecas de ningún tipo a respecto do meu futuro, do meu presente, nin do meu compromiso, nin dos medios de comunicación... ¡Son libre! Beiras é libre, cousa que vostede non é.

Finalmente, debate constituínte. Foi en realidade un discurso ou unha provocación, no sentido propio da palabra, protoconstituínte. Pero, señor presidente, é que estamos no comezo dunha transición constitucional que vostede non pode impedir, porque non pode parar a historia. Como non se podía parar a historia no ano 1936 máis que coa barbarie de Atila, e vostede non está hoxe pola barbarie de Atila ¿verdade?, aínda que serviu ao réxime que naceu daquela barbarie. Borrón e conta nova. Pero eu nunca servín a ese réxime.

E o que é certo tamén é que todos os cidadáns de menos de 45 anos hoxe non tiveron participación como cidadáns con dereitos políticos naquilo da constitución. todos os cidadáns de menos de 45 anos hoxe non tiveron participación como cidadáns con dereitos políticos naquilo da Constitución. A Constitución para os cidadáns de menos de 45 anos hoxe é como a Guerra Civil para a miña xeración. Era algo do que se falaba. Tivemos que vivir e padecer, neste caso, os resultados daquilo.

¿Vostede cre que se pode falar por parte da xente que ten 45 anos –ou até 45 anos, maiores de idade de 18 a 45 anos–

sobre a Constitución sen consultarlles o que pensan? ¿Vostede cre que iso é democrático? Nós o que queremos é consultar cos cidadáns –non só de até 45 anos, senón con todos– qué pensan da consecución dun novo status de nación para Galicia cunha reforma constitucional na que eles poderán participar, porque non tiveron ocasión de votar nin a favor nin en contra desa Constitución. Eu si, os meus fillos non, e xa son homes feitos e dereitos, que traballan e que teñen fillos á súa vez, e eu netos. Insisto, non teñen dereito, son monolingües en galego e non van poder ter un currículo escolar en galego. ¿Parécelle que iso é igualdade de status dos dereitos de idioma e do outro do a e do b? Iso é diglosia. E van vinte e cinco anos de autonomía, non estamos aos tres anos de autonomía.

Isto ten que facelo reflexionar porque a súa responsabilidade máis grande neste momento, Manuel Fraga Iribarne, é que vostede está no último episodio da súa vida política, polo menos en canto a político con poder, e ten que facer o posible para que despois non sexa o caos para empezar no seu partido. Fai todo o contrario. Sei que é custoso retirarse a *tiempo*, pero eu podo predicar co exemplo do que fixen, con todos os riscos que iso poida supoñer, incluso para unha organización, para a miña propia, e co risco de equivocarse. A historia fana os cidadáns, non a facemos uns cantos escolliados *por los dioses*. E vostede non é un escolliado polos *dioses* e eu tampouco. Por iso eu digo que son humilde, e vostede non, é soberbio, aínda que non o confese, ou, se cadra, nin sequera o saiba.

Remato. A ver se falamos claro. Sei que a vostede lle gusta que se fale claro. Polo menos vostede respecta a quen lle fala claro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: E no seu contorno non lle fala claro nin cristo, por iso vostede tampouco os respecta, claro; utilízalos.

O nacionalismo é a corrente que enlaza a expresión do ser político de Galiza no pasado coa expresión dese mesmo ser no presente e cara ao futuro. Por iso, o nacionalismo, sexa cal sexa a organización que no plan político-institucional a represente en cada momento, e sobre todo un nacionalismo progresista como sempre foi o galego, e un naciona-

lismo fundamentalmente de esquerda como o que hoxe está organizado neste país, é o que trouxo o futuro para aquí, ese futuro que estaba salvado polos que foron vítimas en 1936 de defender ideas –xenerosas– e que foron mártires, e que vostedes se negan a recoñecer e a rehabilitar, porque teñen mala conciencia, porque teñen “infernos na conciencia”, como dicía Rosalía. Hai infernos na memoria cando non os hai na conciencia. Vostedes teñen infernos na memoria e na conciencia; nós non, nós nunca tivemos que usurpar o pasado de ningunha outra ideoloxía nin tivemos que renegar de ningunha outra ideoloxía para ser o que somos. Somos o que somos, como somos, e representamos o que é propiamente o núcleo da expresión da conciencia cívica deste país, cos *disparates* propios dun país que ten moitos *disparates*, porque non somos maricianos que chegamos aquí hai vinte e cinco anos nun *platillo volante*, e temos a mesma sensibilidade das bacterias ambientes que teñen os propios cidadáns de aquí. Pero iso é o que vostedes non lle poden nunca roubar ao BNG, nin negar, e por iso ao final vostedes respéctannos máis que a calquera outra das forzas políticas que están aquí, aínda que lle teñan medo ao Bloque, porque sempre se lle ten medo ao que é auténtico.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia na rolda de contrarréplica.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e señores deputados.

Finalmente, houbo *match* de boxeo, porque é o que lle gusta ao señor Beiras, en vez de reflexións e ideas. Pero, en definitiva, o que é evidente é que as constitucións son unha cousa moi seria e, como é natural, as que máis duran son as máis flexibles. Porque cando nós estivemos facendo cada dez anos ou cada vinte anos unha constitución, como foi no século XIX, pasamos o século en guerras civís constantes, perdendo todos os trens da revolución industrial, e non gañamos nada. Xustamente agora xa temos unha experiencia de algo que se pode desenvolver, dos catro problemas polos cales os españois se mataron uns a outros no século XIX: a forma de goberno –que hoxe ninguén, creo eu, defende a República, ou poucos–, a liberdade relixiosa, que está plenamente acadada,

o cal non quere dicir, naturalmente, que non haxa que conservar as tradicións, como di o artigo 16 da Constitución, que non haxa que esperar a que non caian as catedrais ou que siga durando o Xacobeo –que, por certo, volvo dicir, nós sabémolo facer–. Pero, en definitiva, o terceiro punto era o modelo económico e social, e hoxe hai que admitir que as diferenzas entre un home da categoría do señor Rato, hoxe o que ten maiores responsabilidades económicas no mundo, e o señor Solbes non van ser tan grandes. Queda así o modelo territorial porque hai quen se empeña en mantelo vivo. Eu sosteño que, efectivamente, as bases sentadas pola Constitución, co Estado das Autonomías, son máis que suficientes para facerlle sitio á España unha e varia. Non sei por que hai que falar con ese desprezo de Murcia –que, por certo, si foi un reino, e un reino fundado nada menos que por don Alfonso X o Sabio, con razón chamado así, xa que sentou as bases do dereito moderno en España–, á que inxustamente se acaba de privar da auga á que tiña dereito.

Despois de dicir isto, chego ao final. Eu creo sinceramente que hai que falar constantemente da mellora da Constitución, pero non de empezar outra vez, de empezar a cero, non o fixeron os romanos, non o fixeron os ingleses, nin o fixo ningún país sensato. Os Estados Unidos están modificando a súa, pero manteñen a primeira e teñen moita razón. Nós, que, por fin, temos unha na cal basearnos, debemos continuar con ela.

Despois de dicir isto, señor presidente, señoras e señores deputados, volvo a un sitio que plantexei varias veces durante o meu discurso: ao galeguismo tradicional, que era rexionalista. Brañas entendía moi ben a Galicia, pero entendíaa como unha parte de España. E hai que dicir que se para certas cousas a desconcentración e a descentralización son boas –ata nos concellos; eu son partidario do Plan local, e nas provincias e nas rexións–, o que é evidente é que fragmentar en nacións neste momento un país como España, cando hai países do tamaño de China ou da India ou dos Estados Unidos ou Brasil ou de México, sería un verdadeiro *disparate*, no cal eu non vou participar. Naturalmente, respecto os que pensen doutro xeito.

De modo que, en definitiva, tomamos moi boa nota das ideas do señor Beiras e celebramos que as discuta en foros, porque, desde logo, se algún día chegase a gobernar, sería unha catástrofe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Ten a palabra o señor Pita Varela polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías, vou procurar ser moi breve.

En primeiro lugar, señor Beiras, lamento que se ausente outra vez polas circunstancias especiais, como a outra vez, pero cando dixo antes que o presidente da Xunta non era escollido, por suposto, polos deuses, eu dígolle que foi escollido catro veces polos cidadáns de Galicia, con maioría absoluta, como non foi escollido ningún presidente autonómico na historia de España. Iso é o que ten o noso presidente, loxicamente. (*Protestas.*) Foi catro veces escollido por maioría absoluta. Non foi ningún deus, foi o pobo galego que así o decidiu, que quede claro e que quede constancia na acta desta sesión.

Por outra banda, o señor Touriño, como sempre, fai as comparacións con trampa. Vostede acaba de dicir que compara un ano cunha media. Faga o favor de ser coherente, compare ano con ano. E claro que o último ano é sempre mellor que o anterior, sempre foron. (*Murmurios.*)

Vostede falou dunha serie de melloras importantes...

O señor PRESIDENTE: Por favor, reprímase o Grupo Socialista, porque están alporizados. (*Risos.*)

O señor PITA VARELA: ... Eu quero dicirlle que na vivenda, por exemplo, non se esqueza como estaba o prezo dos cartos hai uns anos e como está hoxe, e vexa o 12% seu e o 4% que teñen na actualidade. En traballo, baixamos o paro do 20% ao 10,5%. Son os últimos datos destes días. Por certo, que tiñan oculta a estatística, saberán por que.

Por outro lado, ¿que medidas adoptaron vostedes cos nosos traballadores autónomos? Non esqueza o imposto de actividades económicas, que nós llo quitamos porque vostedes arruinaron o sector máis produtivo que tiñamos en Galicia. Nós non queremos medallas, como dixo vostede, as medallas xa sabe quen as quere, despois teñen que devolverlas, pero esa é outra cuestión súa. (*Risos.*) Polo tanto, niso son vostedes expertos, falen vostedes das medallas.

Falou vostede de algo no cal eu participei –representando, por mandato, o presidente da Xunta–, da Conferencia de Presidentes, da preparatoria, sen orde do día, sen ningún proxecto, sen plantexar por parte do Goberno, do Ministerio de Administraciones Públicas, absolutamente nada. ¡Por favor, señor Touriño, saiba do que falamos alí! A proposta precisamente da nosa comunidade quedamos para facer a orde do día, con propostas do Goberno e das comunidades autónomas, nunha vindeira reunión logo da Conferencia de Presidentes. Así que, infórtese vostede. Non houbo ningún boicot, o que se pediu foi que non se tome o pelo facendo unha convocatoria sen orde do día, que é o preceptivo en calquera país civilizado e na orde que hai que establecer nas relacións entre comunidades e o Estado ou simplemente entre comunidades ou entre institucións públicas. ¡Un pouco de respecto!

Por outra banda, vostede falou das pensións. Pois, mire, quero dicirlle que nas pensións, por exemplo nas mínimas, como vostede sabe, o aumento que vai haber para o exercicio do ano que vén é menor que o que houbo o ano pasado para este exercicio.

En canto ao que vostede dicía das bolsas, de momento non houbo ningún aumento, señor Touriño. Polo tanto, cando fale de algo que é importante, como do federalismo asimétrico, quero recordarlle que entre o que é o federalismo e o que é a asimetría, precisamente, hai unha contradición manifesta; así que, repase a lección.

Vostede aquí saíu, falou e dixo: *Están abriendo el diálogo*. Dixo vostede que abrían o diálogo coas comunidades, pois xa me dirá con quen, porque mire, a señora ministra de Fomento, que lle fai todos os días un desprezo a Galicia, incluso dixo unha palabra que eu, sobre todo por respecto ao señor Cerviño, que é tan pulcro, vou ter respecto a todos e non dicir o que dixo a señora ministra con respecto a nós. *Aquello de que era “caca”, pero no lo vamos a dicir aquí, que somos más educados.*

Pero voulle dicir unha cousa, con todo o respecto a vostede, a vostedes, aos socialistas, a ministra –que nos fai un desprezo– non recibe a ninguén do Goberno de Galicia, non recibe aos conselleiros, non recibe aos nosos alcaldes. A alcaldesa de Vigo leva meses esperando. Iso si, recibiu ao alcalde da Coruña, de Lugo e de Santiago, e á dama de com-

pañía, porque vostede foi acompañando ao alcalde da Coruña, non se sabe aínda por que, que vostede non representa institucionalmente a ninguén, xa me dirá como vai. Vostedes fixeron crítica cando algún membro do Partido Popular estivo acompañándonos por especial invitación ao Goberno de Galicia e pagou pola súa conta determinados gastos. Vostede foi a Madrid; xa nos contará, que non nos contou a qué foi, unicamente a facer a foto. ¡Alá vostede! Se lle vale coa ministra de Fomento, a nós tamén.

En cambio, xa sabe que o propio alcalde da cidade da Coruña denunciou ao señor Palau porque nos quería deixar sen o porto exterior, interesándose por Xixón, e encima é galego, do Partido Socialista de Ourense. ¡Vale!, pois sigan por ese vieiro, que ese é, precisamente, o diálogo que vostede quere.

RENFE só renovará 6 dos 21 trens rápidos que prestan servizo en Galicia. Dos 21 que estaban previstos, 6, os outros mándanos cara xa sabe a onde: a onde está o viveiro de votos, que é onde lles corresponde a vostedes. E vostedes, silencio, *no pasa nada*.

Por outra banda, está a alta velocidade. Suspenden a licitación dos tramos do AVE Santiago-Ourense, e di a señora ministra que estaba mal feito tal e como se estaba facendo. Faise todos os días, e niso si, noutras comunidades fano todos os días.

Por outra banda, eu quero recordarlles que, claro, como vostedes non se decatan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Para que se vexa como se estragou o Talgo, estas son as máquinas dos mercancías que vostedes transforman en 24 horas: *mano de pintura azul y blanca que se añade a los vagones del Talgo*, e o Talgo vai á velocidade do tren de mercancías. Así é como actúan vostedes, facendo enganar ante a opinión pública.

Por outra banda, señores... Estamos *abriendo el diálogo*, como dijo usted, *pues seguimos abriendo el diálogo*: Fomento paraliza ata o 2006 o despegamento do porto exterior de Ferrol; o Goberno rechaza crear unha comisión mixta para o Plan Galicia. Ese é o diálogo. ¿Por que non se invitou o outro día o alcalde de Arteixo, que é onde se fai o porto exterior, señores do Partido Socialista? Non se invitou. Por certo, que é a segunda firma, aínda falta unha, porque vostedes habi-

tualmente fan tres. Cando era o tripartito firmaron a segunda, a terceira e inauguraron por terceira e cuarta vez o mesmo que xa inauguráramos nós. ¿Por que na firma o outro día non participou o alcalde de Arteixo –non importa do signo que sexa–, que é a quen lle correspondía tamén estar alí invitado? ¿Ese é o diálogo que vostedes están ofertando? ¿Ou é que punta Langosteira agora pertence a outro concello que non sexa Arteixo? Un pouco de coherencia cando vostede fale dese diálogo, señor Touriño.

Por outra banda –e sigo–, a reconversión naval que fixeron vostedes, que lle deu ao País Vasco e a Andalucía o liderado que tiña Galicia. ¿Agora que queren? ¿Máis? ¿Aínda moito máis? ¿Quere que lle ensine –porque como vostedes non o saben– o que fixeron cun vehículo militar que supoñía 400 postos de traballo para a industria galega, señor Touriño? Isto é o que vostedes lle deron a Andalucía... (*Interrupcións*.) Señor Touriño, este é o diálogo, isto é o que vostedes rexeitaron: o vehículo militar máis importante que se fabrica en Europa, feito en Santiago de Compostela. Esa é a axuda e a colaboración de diálogo que vostedes ofertan. Moitas grazas, señores socialistas galegos. Así é como traballan vostedes. Moitas grazas. (*Aplausos*.)

Como vostede falou dunha renovación, por outro lado, claro, ofrecen diálogo, e o señor secretario de Estado –que ademais compartiu bancada, que a min me estraña moito, con todos nós– resulta que manda unha carta e di: É grato anunciar que nos próximos días serán convocadas ponencias técnicas, analizar, documentación preparatoria, acordos, comisión mixta. É dicir, transferencias. Isto foi no mes de xuño. Aos poucos días o señor Romeu, secretario de Estado, considera que Galicia non necesita máis competencias autonómicas. Carta oficial, resposta no periódico. Isto é o que din. Esta é a oferta de diálogo, señor Touriño.

Voulle dicir algo máis. Mire, cando vostede fai unha oferta e fala de renovación, de que é necesaria, eu dígolle: ¡Claro que si! Pero quen a ten que decidir é o pobo, non vostede. E ata o de agora, e a pesar de que vostede *se desgañitou* aquí, fixo acusacións e leu o seu programa electoral, señor Touriño, quero recordarlle unha vez máis que vostede hoxe aquí falou como minoría da minoría, non o esqueza, e o futuro da nosa terra vaise dilucidar cando toque, na próxima festa da democracia, cando veñan as eleccións, non antes. E respecto do Nunca Máis que vostede citou, voulle

recordar algo. Desde o Nunca Mais e todo iso tivemos dous procesos electorais: unhas eleccións xerais que a nivel do Estado gañaron vostedes e unhas eleccións europeas. E quero recordarlle que, en ambas as dúas, en Galicia a extrapolación do resultado foi maioría absoluta para o Partido Popular. ¿Moléstalles? Voulle dicir algo máis e remato, señor presidente, para non cansar... (*Interrupcións.*) Non aceptan o veredicto do pobo, ¡que lle imos facer!

Permítame, señor presidente, para rematar. Dicia o señor Touriño: “*Nada me apasiona más que el cambio que supondría derrotar a Fraga*”. O, secretario xeral do PSOE, Emilio Pérez Touriño, non se cansa de dicir que Galicia necesita novos retos, saír da cultura da resignación, da dependencia que, ao seu xuízo, deixan os anos de goberno do PPdeG, por iso, cando se lle pregunta polas súas primeiras medidas como presidente da Xunta, fala de igualdade e transparencia na xestión pública. Touriño non esconde a súa paixón por derrotar nas urnas a Fraga, pero é polo cambio e a modernidade que suporía para Galicia. Está convencido, ademais, de que o líder popular non agotaría a lexislatura. “*Yo confío plenamente en que eso sea así, porque sé que los ciudadanos*

saben que lo que hay con el PP es incertidumbre y que el ciclo político de Fraga se ha acabado”. Isto, señor Touriño, díxoo vostede no 2001, que é de cando llo estou lendo; no 2001. ¡Cuarta maioría absoluta cando vostede dixo iso! Seguramente que neste momento, señor Pérez Touriño, vostede está sendo premonitorio coa quinta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor presidente non intervén, declina a intervención, e informo aos grupos parlamentarios de que poden presentar propostas de resolución ata as doce horas de mañá, día sete, no Rexistro Xeral da Cámara. Unha vez esgotado o prazo, a Mesa procederá á cualificación e distribución a todos os grupos das propostas admitidas, para o seu estudo, antes de que se reinicie a sesión, que se fará ás catro e media da tarde de mañá.

Ata entón, suspendemos a sesión.

Suspéndese a sesión ás nove da noite.

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN**

PROVINCIA DA CORUÑA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Jaime Alberto Pita Varela
- 3.- Fernando Rodríguez Corcoba
- 4.- Marta Álvarez Montes
- 5.- Miguel Ángel Reviejo Ares
- 6.- Manuel Santos Ruiz Rivas
- 7.- Fernando Amarelo de Castro
- 8.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 9.- Jesús María Fernández Rosende
- 10.- Manuel López Outeiral
- 11.- Diego Calvo Pouso
- 12.- José Manuel Mayán Santos

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- Xesús Manuel Veiga Buxán
- 3.- Xosé Díaz Díaz
- 4.- Domingos Merino Mejuto
- 5.- María Tereixa Novo Arrojo
- 6.- Ana Belén Pontón Mondelo

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- José Luis Méndez Romeu
- 2.- Miguel Cortizo Nieto
- 3.- Natividad González Laso
- 4.- Francisco Cerviño González
- 5.- María Soledad Soneira Tajés
- 6.- Francisco Sineiro García

PROVINCIA DE LUGO

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- José María García Leira
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- María Jesús Tapia Fernández
- 5.- Susana López Abella
- 6.- Victoria Eugenia López Díaz
- 7.- Manuel Díaz Vázquez
- 8.- Remedios Castedo Carballo
- 9.- Ramón Carballo Páez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Ricardo Varela Sánchez
- 2.- Ismael Rego González
- 3.- Margarita Pérez Herraiz

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Inmaculada Rodríguez Cuervo
- 2.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 3.- Roberto Castro García
- 4.- José Manuel Baltar Blanco
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Maximino Rodríguez Fernández
- 7.- Cástor Gago Álvarez
- 8.- María Josefa Caldelas Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Laura Seara Sobrado
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Manuel Luis Rodríguez González

POVINCIA DE PONTEVEDRA**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Xosé Cuiña Crespo
- 2.- Enrique César López Veiga
- 3.- Marisol Bueno Berrio-Ategortua
- 4.- Xesús Palmou Lorenzo
- 5.- Beatriz González Loroño
- 6.- Ramón Sestelo Fernández
- 7.- Juan Pedrosa Vicente
- 8.- Pilar Rojo Noguera
- 9.- Juan Manuel Casares González
- 10.- Paula Janza Muñiz
- 11.- Alejandro Gómez Alonso
- 12.- Salvador González Solla

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- Salomé Álvarez Blanco
- 4.- Bieito Lobeira Domínguez
- 5.- Rosa Darriba Calviño

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Emilio Pérez Touriño
- 2.- Dolores Villarino Santiago
- 3.- Antón Louro Goyanes
- 4.- Modesto Pose Mesura
- 5.- Carmen Gallego Calvar



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490